

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 13 de SETEMBRO de 2013**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria Ordinaria que terá lugar o venres, 13 de setembro de 2013, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Manuel Costa Carneiro.

2.-Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Antonio Pensado Plagaro.

3.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 7/13, do 31 de xullo de 2013.

4.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.301 á nº 15.700.

5.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos deputados ás Comisións Informativas.

6.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se nomea vicepresidente segundo a D. Antonio Cañas Varela.

7.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se nomea presidente da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais, a don Manuel Taboada Vigo.

8.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se cesa como presidente da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos a don Manuel Taboada Vigo.

9.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se nomea presidente da Comisión Informativa Permanente de Cooperación e Asistencia aos Concellos a don Ramón Tojo Lens.

10.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se nomea membro da Xunta de Goberno a don Ramón Tojo Lens.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

11.-Proposta de aprobación da formalización e texto do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación para a Loita contra as Enfermidades do Ril (ALCER), para o financiamento do programa BULE de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

[12.-Concesión dunha subvención nominativa á Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2013.](#)

[13.-Convenio coa Asociación dos Amigos da Ópera correspondente á subvención nominativa para financiar actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña.](#)

[14.-Concesión dunha subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a XI edición dos Premios Mestre Mateo.](#)

[15.-Convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa para financiar o XXVII Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2013.](#)

[16.-Concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Fútbol para financiar o 2º Congreso Internacional de Fútbol, organizado polo Comité Galego de Adestradores de Fútbol.](#)

Comisión de Persoal e Réxime Interior

[17.-Reorganización 2013. Primeira fase de desenvolvemento. Aprobación definitiva](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

[18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Paderne para financiar o proxecto “Axencia de emprego e desenvolvemento local”.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[19.-Modificación do acordo plenario con data do 27-11-2009 relativo á cesión de uso ao Concello da Coruña do local na rúa Matadoiro 68, A Coruña.](#)

[20.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Culleredo para financiar as obras Mellora de infraestruturas no vial do Polígono da Marisqueira.](#)

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

[21.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora e acondicionamento de vias nas parroquias de Cesar, Verdía, A Barciela e San Caetano” do Concello de Santiago, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2103. Código: 13.2100.0150.0](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Casa de Galicia \(Uruguai\) para o cofinanciamento da adquisición de equipamento sanitario para os seus centros sanitarios en Montevideo.](#)

[23.-Aprobación da integración da Deputación Provincial como patrón na Fundación Galicia-Europa.](#)

24.-Aprobación do informe do cumprimento polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro de loita contra a morosidade das operacións comerciais correspondentes a: 2º trimestre do ano 2013.

25.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 31/07/2013 e proxección ao 31/12/2013.

26.-Aprobación sobre a aplicación do Real decreto-lei 8/2013, de medidas urxentes contra a morosidade das Administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

27.-Aprobación da Conta integrada da xestión recadatoria do exercicio 2012.

28.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Oza-Cesuras.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 13 DE SETEMBRO DE 2013

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 13 de setembro de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Consta na Secretaría Xeral desta Deputación a credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foron designados deputados provinciais don Manuel Costa Barreiro e don Antonio Pensado Plágaro, en substitución, por renuncia, respectivamente de don Antonio Pereiro Liñares e don Perfecto Vázquez Lema, por figurar como suplentes nas listaxes de candidatos presentadas polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011.

A pesar de que tanto na credencial correspondente como na certificación expedida no seu día pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela, da que a credencial trae causa, figura BARREIRO como segundo apelido de don Manuel Costa, non obstante na documentación identificatoria exhibida polo interesado, así como na relación oficial de candidatos ás eleccións locais de 2011 e na credencial de concelleiro figura correctamente CARNEIRO como segundo apelido, sen posibilidade de confusión con ningún outro candidato ou concelleiro. Polo tanto, sen prexuízo de que se tramite a corrección formal deste erro e tendo en conta a prevalencia do exercicio constitucional de representación política sen trabas nin dilacións, procede a toma de posesión como deputado provincial de don Manuel Costa Carneiro.

Tanto don Manuel Costa Carneiro como don Antonio Pensado Plágaro, formularon declaración sobre causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lles proporcionan ou lles poden proporcionar ingresos económicos.

Coas observacións mencionadas, reúnen ambos, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputados provinciais.

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO POPULAR, DON MANUEL COSTA CARNEIRO.

O Sr. Costa Carneiro toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO POPULAR, DON ANTONIO PENSADO PLAGARO.

O Sr. Pensado Plágaro toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

3.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 7/13, DO 31 DE XULLO DE 2013.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/13, do 31 de xullo de 2013.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.301 Á Nº 15.700.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 13.301 á nº 15.700, de 2013.

5.- .TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS DEPUTADOS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscripción concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 13 de setembro a composición das comisión informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG
Infraestruturas viarias: Vías e Obras Provinciais 17:30 h luns Semana anterior al Pleno	Presidente: Manuel Taboada Vigo Secretario: Luis J. Rodríguez Fernández	José Carlos Calvelo Martínez Ramón Tojo Lens Manuel Rivas Caridad Zaira Rodríguez Pérez Manuel Santos Ruiz Rivas	Mariano Iglesias Castro Montserrat García Chavarría Jesús Manuel Campos Díaz	Adolfo Muíños Sánchez Xesús Manuel Soto Vivero
Cultura, Educación, Deporte e Mocidade 18:00 h luns Semana anterior al Pleno	Presidente: María Elvira Padín Fernández Secretaria: Mercedes Fernández Albalat	Zaira Rodríguez Pérez Manuel Santos Ruiz Rivas Carlos López Crespo José Dafonte Varela Manuel Taboada Vigo	Matilde Begoña Rodríguez Rumbo César Longo Queijo M ^a Carmen Varela Corbelle	Xosé Lois Piñeiro García Silvia María Seixas Naia

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG
<p>Persoal e Réxime Interior</p> <p>17:30 h martes Semana anterior al Pleno</p>	<p>Presidente: Miguel de Santiago Boullón</p> <p>Secretaria: Ana Marcos García</p>	<p>José Carlos Calvelo Martínez Ramón Tojo Lens Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García José Dafonte Varela</p>	<p>Julio Ignacio Iglesias Redondo Jesús Manuel Campos Díaz Antonio Leira Piñeiro</p>	<p>Xesús Manuel Soto Vivero Adolfo Muíños Sánchez</p>
<p>Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística</p> <p>18:00 martes Semana anterior al Pleno</p>	<p>Presidente: Zaira Rodríguez Pérez</p> <p>Secretaria: Sagrario Liaño Pedreira</p>	<p>Manuel Santos Ruiz Rivas Miguel de Santiago Boullón José Dafonte Varela Carlos López Crespo Jacobo Fernández García</p>	<p>M^a Carmen Varela Corbelle Mariano Iglesias Castro César Longo Queijo</p>	<p>Silvia María Seixas Noia Xosé Lois Piñeiro García</p>
<p>Contratación, Patrimonio e Equipamento</p> <p>17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidente: Carlos Enrique López Crespo</p> <p>Secretario: Luis J. Rodríguez Fernández</p>	<p>José Carlos Calvelo Martínez Antonio Cañas Varela Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García José Dafonte Varela</p>	<p>Matilde Begoña Rodríguez Rumbo Julio Ignacio Iglesias Redondo Antonio Leira Piñeiro</p>	<p>Adolfo Muíños Sánchez Xesús Manuel Soto Vivero</p>

<p>Promoción Económica, Empleo, Medio Ambiente e Turismo</p> <p>18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidente: Antonio Cañas Varela</p> <p>Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón</p>	<p>Manuel Taboada Vigo Manuel Santos Ruiz Rivas Zaira Rodríguez Pérez Miguel de Santiago Boullón Carlos López Crespo</p>	<p>César Longo Queijo Mariano Iglesias Castro Montserrat García Chavarría</p>	<p>Xosé Lois Piñeiro García Silvia María Seixa Naia</p>
<p>Cooperación e Asistencia aos Concellos</p> <p>17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidente: Ramón Tojo Lens</p> <p>Secretaria: Susana Rouco Penabad</p>	<p>José Carlos Calvelo Martínez Manuel Toboada Vigo Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García Carlos López Crespo</p>	<p>Julio Ignacio Iglesias Redondo Carmen Varela Corbelle Jesús Manuel Campos Díaz</p>	<p>Adolfo Muíños Sánchez Xosé Lois Piñeiro García</p>
<p>Economía, Facenda e Especial de Contas</p> <p>18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas</p> <p>Secretaria: M^a José Vázquez Sesmonde</p>	<p>Zaira Rodríguez Pérez José Dafonte Varela Carlos López Crespo Ramón Tojo Lens Miguel de Santiago Boullón</p>	<p>Antonio Leira Piñeiro Salvador Fernández Moreda Montserrat García Chavarría</p>	<p>Xesús Manuel Soto Vivero Silvia Seixas Naia</p>

6.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA VICEPRESIDENTE SEGUNDO A D. ANTONIO CAÑÁS VARELA.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15.082, dO 14 de agosto de 2013, pola que se nomea vicepresidente segundo ao deputado membro da Xunta de Goberno, don Antonio Cañas Varela.

7.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS, VÍAS E OBRAS PROVINCIAIS, A DON MANUEL TABOADA VIGO.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15.084, do 14 de agosto de 2013, pola que se nomea presidente da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais, ao deputado provincial, don Manuel Taboada Vigo.

8.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE CESA COMO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS A DON MANUEL TABOADA VIGO.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15.083, do 14.08.2013, pola que se cesa como presidente da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos ao deputado provincial, don Manuel Taboada Vigo.

9.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS A DON RAMÓN TOJO LENS.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15.085, do 14.08.2013, pola que se nomea presidente da Comisión Informativa Permanente de Cooperación e Asistencia aos Concellos ao deputado provincial don Ramón Tojo Lens.

10.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO A DON RAMÓN TOJO LENS.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 15.393, con data do 28.08.2013, pola que se nomea membro da Xunta de Goberno ao deputado provincial don Ramón Tojo Lens.

11.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA BULE DE EXERCICIO FÍSICO E

PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E FAMILIARES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a concesión da subvención por importe de 15.000 € á entidade ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER) que ten como CIF G-15058647 para a realización do PROGRAMA BULE CON ALCER. PROGRAMA DE EXERCICIO FÍSICO E PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E FAMILIARES, a desenvolver no segundo semestre do ano 2013, dirixido a xente con estas doenzas de distintos concellos da provincia.

2º.- Aprobar o texto do convenio proposto, coa entidade, para a concesión da achega indicada de 15.000 € que supón o 80% de 18.750 € do total do gasto e que será aboado con cargo á partida 0701/232E/481 do vixente orzamento e coas datas de vixencia marcadas.

3º.- Modificar a Base 49 das de execución do orzamento 2013, incluíndo a subvención nominativa correspondente a este acordo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE EXERCICIOS FÍSICOS E PSICOSOCIAIS.

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Rafael Rodríguez Martínez, presidente da **ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER)**

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER) ten como fins a atención en procesos de rehabilitación psicosocial e inclusión laboral e social das persoas con discapacidade xerada por doenzas crónicas susceptibles de transplante, así como a execución de actividades culturais, de ocio e deportivas que faciliten a participación e a atención socio-sanitaria do colectivo. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito da provincia da Coruña.

É competente a Deputación, para o disposto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime Local 7/85, art. 36, e a de admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación ten competencia para colaborar no financiamento de actividades no ámbito socio-sanitario consistentes en aumentar a autonomía, paliar as limitacións ou sufrimentos e facilitar a inserción social de enfermos crónicos, sempre que os devanditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos que fan unha colaboración económica para o resto do cofinanciamento do programa e outros ceden locais ou lugares onde realizar as actividades.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo se poderán beneficiar usuarios/as procedentes e derivados/as dos Concellos da Coruña, Boiro, Consorcio das Mariñas (Arteixo, Cambre, Culleredo), Ferrol, Melide, Ortigueira e Santiago de Compostela.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER)**, CIF. G-15058647, para o financiamento do Programa **BULE** de Exercicio Físico e Psicosocial, para persoas con enfermidades crónicas e familiares, para promover a actividade física e a interacción psicosocial para persoas con enfermidade crónica, á espera de transplantes, transplantadas e aos seus familiares.

As zonas de traballo serán prioritariamente os concellos da Coruña, Boiro, Consorcio das Mariñas (Arteixo e Culleredo), Ferrol, Melide, Ortigueira e Santiago de Compostela, pero tamén poderá haber actividades abertas ao resto da poboación da provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE
I. Persoal	1.1 Servizos Alcer (técnico psicosocial)	2.175,00 €
	1.2.Servizos Alcer (coordinación e xestión)	1.150,45 €
	1.3.Licenciado.activ. físico-deportivas	7.700,00 €
	1.4. Monitores actividades físico-deportivas	5.034,55 €
II. Outros	2.1 Comunicaci3ns (tel3fono, env3os postais, mensaxer3a, etc.)	300,00 €
	2.2 Axudas de custe e desprazamento de t3cnicos e monitores	400,00 €
	2.3 Gastos xestión	1.390,00 €
	2.4 Material de difusi3n (carteis, folletos, etc.)	600,00 €
TOTAL: (IVE incluído)*		18.750 €

*En caso de subas do IVE ser3n asumidos pola entidade.

III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEN3AN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE

(Financiamento provincial)

1.-A Deputaci3n da Coru3a contribuir3 ao financiamento da actividade, tal como se define na cl3usula primeira, cunha achega m3xima de **15.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cl3usula segunda, a Deputaci3n s3 achegar3 o importe que represente o **80%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cl3usula segunda, entenderase que a finalidade b3sica da subvenci3n non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo 3 aplicaci3n orzamentaria **0701/231E/481**, na que a Intervenci3n provincial ten certificado que existe cr3dito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retenci3n de cr3dito.

(Outro financiamento alleo)

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a ALCER. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.A entidade xustificará que tomara acordo de incluír na súa memoria anual a axuda da Deputación e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

(Réxime xeral: subvencións pospagables)

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- ◆ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos/as usuarios/as atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- ◆ Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os/as acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con

respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación chegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- ✦ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- ✦ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- ✦ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- ✦ Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- ✦ Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de agosto de 2013 a o 31 de decembro do 2013**, e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de

mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 agosto do presente ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2014, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA
AS ENFERMIDADES DO RIL (ALCER)

Diego Calvo Pose

Rafael Rodríguez Martínez”

12.-CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Asociación de Escritores en Lingua Galega unha subvención nominativa por importe de **24.000 €**, para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2013*, cun orzamento subvencionado de 30.295,53 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2013*

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 420 escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para asociados e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de*

Escritores en Lingua Galega, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- Ademais, a AELG conta cun *Espazo Didáctico* no que se ofrece material aos centros educativos; cunha editora virtual *Aelg Editora*, para dar oportunidade de editar aos máis novos; cunha *Aula de escritores*, espazo reservado para a oferta de cursos en liña dirixidos a docentes; co apartado *Literatura na rede*, onde se seleccionan as mellores ligazóns no ámbito literario; cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e coa sección *Palabras na memoria*, que lles permite aos internautas reportar a existencia de palabras que non figuran nos dicionarios para reinsertalas no acervo lexical da nosa lingua.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: a homenaxe “*O escritor na súa terra*”, dedicada a un autor veterano das nosas letras; a homenaxe “*Os bos e xenerosos*” no que se destaca non só unha traxectoria literaria, senón o compromiso ético coa literatura galega; os *Premios AELG* ás mellores obras literarias do ano.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados ás fins arriba sinaladas e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (NIF: G15039936) para financiar o **Programa de actividades culturais no ano 2013**.

Nestas actividades inclúense as seguintes actuacións:

- Premios AELG 2013.
- Gravación de vídeo dos asociados/as e edición da segunda parte do vídeo “*Todos con Rosalía*”.
- Subida das achegas á sección da web “*O Territorio do/a Escritor/a*”.
- Asesoría laboral e fiscal.
- Mantemento das infraestruturas tecnolóxicas de apoio.
- Servizo de actualización permanente interna e externa.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación de Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Premios AELG 2013	9.495,12.-
Gravación de vídeos, edición e subida á web	3.700,37.-
Subida achegas ao “ <i>O Territorio do/a Escritor/a</i> ”	1.000,00.-
Asesoría laboral e fiscal	4.100,04.-
Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas	6.000,00.-

Servizo de actualización da Axenda Cultural	6.000,00.-
Total	30.295,53 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **24.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,22 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,22 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Escritores en Lingua Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Escritores en Lingua Galega, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá solicitar polo

menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Escritores en Lingua Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Escritores en Lingua Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Escritores en Lingua Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Escritores en Lingua Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación de Escritores en Lingua Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación de Escritores en Lingua Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Escritores en Lingua Galega deberá conta, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Escritores en Lingua Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Escritores en Lingua Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Asociación de Escritores en Lingua Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN DOS AMIGOS DA ÓPERA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ÓPERA NO ANO 2013: LXI FESTIVAL DE ÓPERA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Asociación dos Amigos da Ópera correspondente á subvención nominativa, por importe de **52.000 €**, concedida para financiar *actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña*, cun orzamento subvencionado de 481.980 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para financiar *Actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña*.**

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e
D^a. Natalia Lamas Vázquez, presidenta da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- Que, o día 1 de febreiro de 1989, e, ao abeiro do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os estatutos vixentes da Asociación dos "Amigos da Ópera da

Coruña”, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio do LXI Festival de Ópera que se celebrará na cidade da Coruña, neste ano e, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar **Actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña** que terá lugar no mes de setembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas.-

* *Lucia di Lamermoor*, de Gaetano Donizetti: 10 e 12 de setembro

* *Tristán e Isolda*”, de Richard Wagner: 28 de setembro

Concertos.-

* *As novas voces galegas*”: 20 de setembro

* *Concerto lírico. Homenaxe a Giuseppe Verdi no seu bicentenario*: 21 de setembro

II.- Orzamento de gastos da actividade que se ha realizar pola Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña

A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Salarios persoal administración	11.980.-
Producións	220.000.-
Cachés artistas	200.000.-
Viaxes e aloxamentos	35.000.-
Promoción e publicidade	10.000.-
Dereitos de autor	5.000.-
Total	481.980.- €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **52.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 10,789 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 10,789 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do *LXI Festival de Ópera da Coruña*, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades incluídas no *LXI Festival de Ópera da Coruña*.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas, polo menos, **tres meses**

antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción

imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.-CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA FINANCIAR A XI EDICIÓN DOS PREMIOS MESTRE MATEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha subvención nominativa por importe de **15.000 €**, para financiar a *XI edición dos Premios Mestre Mateo*, cun orzamento subvencionado de 121.231,80 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a *XI edición dos Premios Mestre Mateo*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Antonio Mourellos Vázquez, presidente da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

2.- Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

3.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual ten entre as súas principais actividades, a organización da gala anual na que se entregan os premios do audiovisual galego, os *Premios Mestre Mateo*.

4.- Logo de ver a actividade da asociación, e continuando coa colaboración iniciada no ano pasado, o Pleno da Corporación, acordou incluír no EMC 1/2013 o crédito destinado ao seu financiamento polo que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, as dúas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual (NIF: V15844145) para financiar a **XI edición dos Premios Mestre Mateo**, co seguinte contido:

* *Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo*.- Nesta gala recoñécese a profesionalidade e calidade dun sector en auge en Galicia, retransmitida en directo pola TVG dende o Pazo da Ópera da Coruña o 6 de abril.

* *Encontros Mestre Mateo, recepción de candidatos, proxeccións*.

Estas actividades desenvóléronse entre os meses de xaneiro e maio.

* *Anuario "Papeis da Academia"*.- Publicación que recolle o resume de cada edición dos Premios Mestre Mateo e información xeral do sector: producións, festivais, temas de actualidade.

Esta actividade desenvolverase entre os meses de xuño e agosto.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

XI edición dos Premios Mestre Mateo

Guión e música	2.815,00.-
Persoal artístico	7.187,00.-
Persoal técnico	27.344,23.-
Escenografía	17.327,41.-

Montaxe e sonorización	1.452,00.-
Equipamento técnico	8.200,00.-
Varios produción	15.162,50.-
Packs de obras participantes	3.737,79-
Viaxes, manutención, aloxamentos	9.900,00.-
Seguros e gastos xurídicos	10.505,87.-
Importe	103.631,80.-

Anuario Papeis da Academia

Persoal técnico	10.500,00.-
Gastos de profesionais	450,00.-
Produción	6.000,00.-
Materiais	150,00.-
Gastos oficina produción	500,00.-
Importe	17.600,00.-

Total gastos **121.231,80 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **12,373 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificadonon acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,373 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadonon.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadonon, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade correspóndelle á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, desenvolvéronse nas datas sinaladas.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de **dous meses** contado a partir da sinatura do convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.-CONVENIO CO CONCELLO DE FERROL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR O XXVII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE FERROL” 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de **17.000 €**, concedida para financiar o *XXVII Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2013*, cun orzamento subvencionado de 65.700 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *XXVII Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2013*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Manuel Ree Varela, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol vén organizando dende hai anos o Concurso Internacional de piano que, neste ano, celebra a súa edición número vinte e sete; esta actividade é de grande interese xa que se trata dun dos concursos máis antigos do estado e o máis antigo de Galicia, cunha gran proxección internacional, tanto polo número de participantes, como pola súa calidade artística.

Este concurso ten como obxectivos xerais: crear un novo espazo cultural e de formación para os novos talentos musicais, divulgar as obras pianísticas de todas as épocas e a arte interpretativa do piano, fomentar a riqueza cultural na cidade de Ferrol a través de novas experiencias artísticas e contribuír á formación de pianistas de alto nivel.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF: P1503700E) para financiar o **XXVII Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2013** que terá lugar entre os días 22 e 29 de novembro de 2013, coa seguinte programación:

* Xornadas de probas eliminatorias: celébranse dúas probas públicas retransmitidas en directo por internet.

* Xornada final: as persoas finalistas realizan as súas interpretacións, acompañados dunha orquestra sinfónica.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Premios	24.500.-
Honorarios xurado	15.000.-
Manutención xurado	3.500.-
Aloxamento xurado	3.500.-
Traslados xurado	800.-
Material imprenta	4.100.-
Publicación bases no DOG	100.-
Arranxos florais	1.000.-
Intérprete	1.200.-
Conserxe, azafatas, afinador, iluminación son, carga a descarga	9.500.-
Envío documentación	500.-
Gravación, edición, e emisión	1.500.-
Presentador	500.-
Total	65.700 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **25,88 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 25,88 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.-O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do *XXVII Concurso Internacional de piano "Cidade de Ferrol" 2013* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (25,88 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* Para os gastos de manutención, aloxamento e traslado dos membros do xurado, **copia** das correspondentes facturas, nas que deberá identificarse as persoas ás que se refiren.

* **Certificación** do acordo de nomeamento dos membros do xurado.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55^a6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

16.-CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA FINANCIAR O 2º CONGRESO INTERNACIONAL DE FÚTBOL, ORGANIZADO POLO COMITÉ GALEGO DE ADESTRADORES DE FÚTBOL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Federación Galega de Fútbol unha subvención nominativa por importe de **15.000 €**, para financiar o *2º Congreso Internacional de Fútbol, organizado polo Comité Galego de Aestradores de Fútbol*, cun orzamento subvencionado de 21.250 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Fútbol para financiar o 2º congreso internacional de fútbol, organizado polo Comité Galego de Aestradores de Fútbol, que terá lugar os días 5 e 6 de decembro de 2013

A Coruña, de de 2013

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José García Liñares, presidente da Federación Galega de Fútbol.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Federación Galega de Fútbol de colaborar coas actividades desta, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación Galega de Fútbol (NIF: G15055890), para **financiar o 2º congreso internacional de fútbol, organizado polo Comité Galego de Adestradores de Fútbol, que terá lugar os días 5 e 6 de decembro de 2013**

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A Federación Galega de Fútbol, a través do Comité Galego de Adestradores de Fútbol desenvolverá as actividades segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento

CONCEPTO	IMPORTE
Trípticos, curriculums, blocs	0,00 €
Megafonía	800,00 €
Azafatas	500,00 €
Transporte	750,00 €
Billetes de avión	10.000,00 €
Hotel relatores e invitados	5.000,00 €
Reportaxe vídeo fotográfico	2.000,00 €
Aluguer de pantallas	1.200,00 €
Varios	1.000,00 €
Total	21.250,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá a financiar o programa de actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15,000€ o que representa unha porcentaxe do 70,59%, que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 0601/341A/481.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,59%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Federación Galega de Fútbol que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Fútbol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega de Fútbol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Fútbol, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións **supera os 18.000 €**, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Fútbol deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Fútbol.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega de Fútbol unha vez que se presente a seguinte documentación:

. Memoria de actuación, (asinada en todas as follas) subscrita polo representante legal da Federación Galega de Fútbol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

. Os gastos e as correspondentes facturas estarán comprendidas dende o 15 de abril ata o 31 de decembro de 2013.

. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematada a actividade a Federación Galega de Fútbol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro

prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Fútbol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Fútbol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55^o6^a das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Fútbol na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Fútbol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A Federación Galega de Fútbol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A Federación Galega de Fútbol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á Federación Galega de Fútbol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Fútbol poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Fútbol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 55º das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55º 6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 € Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% da subvención outorgada co límite de 400,00 €; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Fútbol serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Fútbol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 15 de abril de 2013.

2.- Logo da solicitude da Federación Galega de Fútbol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Federación Galega de Fútbol respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.-REORGANIZACIÓN 2013. PRIMEIRA FASE DE DESENVOLVEMENTO. APROBACIÓN DEFINITIVA

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Antes de nada, desexarlle a benvida e moita sorte aos novos deputados. Non imos entrar no fondo deste asunto porque xa expuxemos o noso punto de vista no anterior Pleno, imos seguir mantendo a nosa posición en contra desta aprobación definitiva, pero queriamos trasladar que nos parece, cando menos, improcedente, que se comece a trasladar ao persoal desta Administración pública a outras dependencias, cando este acordo aínda non é firme ata que se aprrobe no Pleno de hoxe. Nada máis.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, que conste tamén na acta a benvida do Grupo Socialista aos dous novos deputados. Opuxémonos á reforma nos dous Plenos nos que se debateu, no Pleno de maio, e no Pleno de xullo. Vostedes achacaron o noso voto negativo a unha posición de inmovilismo, segundo vostedes, non queremos cambiar algo que está así dende hai vinte e cinco anos, e ningunha das dúas cousas é certa. Durante este tempo puxéronse en funcionamento novos e importantes servizos que supuxeron cambios fundamentais na estrutura administrativa e tamén na relación de postos de traballo desta Deputación. Nun exercicio de funambulismo dialéctico, pretenden converter o que é prudencia e sentido común en inmovilismo. Xa expresei a nosa opinión acerca do escenario de cambios legislativos no que estamos inmersos e que aconsellan agardar e actuar despois, non vou repetir, polo tanto, argumentos que calquera que estea interesado pode ver nas actas dos Plenos de maio e de xullo.

Remataba a miña intervención no Pleno de xullo dicindo que esta reforma podería servir aos intereses do Partido Popular, pero non aos da Deputación provincial, non é unha reforma para facer máis eficaz a Administración provincial, senón para formar unha deputación ao servizo dos intereses do partido que a goberna. Isto, que era unha impresión en xullo, é hoxe unha certeza despois de ver as distintas alegacións que se presentaron e, sobre todo, as de ata agora xefe do Servizo de Contratación e Patrimonio, señor don Luis Jaime Rodríguez, na que se pon de manifesto a arbitrariedade que caracteriza esta reforma, non se motiva nin se

xustifica nada. E, por certo, a arbitrariedade é algo que está expresamente prohibido na Constitución española. Como o Sr. Rodríguez di na súa alegación, a facultade de autoorganización e a discrecionalidade técnica no exercicio desta non poden considerarse como de sentido absoluto, senón que en todo caso teñen que acomodarse a uns límites legais.

Por que se despraza un funcionario que dirixe o Servizo de Contratación, para o que foi designado por concurso, por certo, para ser substituído por outro de libre designación, funcionario que organizou un Servizo de Contratación modélico, totalmente profesional e apolítico, onde non houbo ningunha denuncia, ningunha queixa, nin unha mera sospeita de malas prácticas, unha persoa que goza dun merecido prestixio na administración local galega, no ámbito da contratación pública, que é reclamado por outras corporacións locais para que os asesore na redacción dos pregos de contratación, que é invitado como experto a dar cursos e conferencias na EGAP, en multitude de concellos e en diferentes seminarios, non o entendemos Sr. Presidente, non entendemos porque non se lle dá a mesma oportunidade que se lle deu a outro funcionario ao que tamén se lle desdobra o Servizo, o de Biblioteca e Arquivos, a xefa do Servizo puido optar, por que aquí o Sr. Rodríguez non pode optar?, por que hai que apartalo de Contratación? Eu, como moitos dos aquí presentes podo dar probas e testemuña da súa honradez, da súa profesionalidade e da súa dedicación ao traballo, incluso podo dicir como presidente que fun desta institución, que nuns momentos de inquietude en moitas administracións públicas polo tema da contratación, eu estou absolutamente tranquilo con respecto á Deputación, e a tranquilidade deuma o feito de que o Sr. Luis Jaime Rodríguez fose o xefe do Servizo, e deuma a estrutura administrativa que agora existe e que se pretende cambiar. Ten algo que ver neste cambio o cambio nos procedementos de contratación que vostedes están impoñendo, os informes negativos ao procedemento negociado sen publicidade que converte en opaco algo que ata agora era transparente, precisamente nun momento en que os cidadáns esixen dos seus políticos mellores prácticas e máis transparencia, e xustamente agora cando acaba de aprobarse no Congreso dos Deputados a Lei de transparencia?, a verdade é que se mire por onde se mire, a nós parécenos sorprendente.

En calquera caso, este non é un tema de persoas, é de legalidade, poderán cambiar as persoas, pero mentres non se cambie a lei seguirán tendo informes negativos e reparos dos que haberá que dar conta ao Tribunal de Contas, como aprobamos no Pleno de xullo pasado, e como aprobaremos na aprobación definitiva da Conta Xeral do exercicio 2013 dentro dun ano, porque mentres non se cambie a lei, e dubido que se cambie a lei neste aspecto, haberá que motivar o porqué se recorre ao procedemento negociado sen publicidade, e haberá que xustificar por que se invita a unhas empresas a participar e a outras non. Créanme que intento explicarme o porqué destas cousas e só saen malos pensamentos, pero vostedes teñen a maioría e entenden que é para facer o que lles pareza oportuno. E ninguén nega, e non serei eu quen negue, a facultade, a potestade de autoorganización que ten a Deputación, poden vostedes facer o que consideren pertinente, a lei facúltaos para iso, pero teñen que acreditar dende o punto de vista do interese público os cambios que se fan, e cumprese esta condición nesta reforma?, dende o noso punto de vista, non, e no caso concreto do Servizo que estamos a falar, e que prexudica notablemente a un funcionario, é un acto discrecional que hai que acreditar, e isto non figura no expediente. Por que se desdobra o servizo?, cales son as razóns?, que obxectivos pretendemos acadar? Dise que hai disfuncións no Servizo, pero non se

explicitan que disfuncións existen, hai que acreditarlas, é obrigatorio, e non existe no expediente. Hai outras alternativas, deberían analizarse, e hai outras alternativas máis baratas, deberían analizarse, e non figura nada no expediente.

Onde está establecido que é mellor, e dende o punto económico, orgánico e funcional é mellor esta alternativa que a que existía ou outras que puideran existir?, non está acreditado en ningún sitio, non está motivado, non existe ningún tipo de motivación que xustifique esta decisión, e unha cousa é a discrecionalidade e outra cousa é a arbitrariedade, e este acordo peca de arbitrariedade.

Como se motiva a decisión de apartar a un funcionario dunha praza que gañou por concurso e que a desempeñou con presidentes de distintos cores políticas sen a máis mínima queixa, cando ademais é un experto nesa materia?, poden facelo?, si, poden facelo, pero teñen que motivalo, e este acordo carece de motivación dende o noso punto de vista.

O noso voto, Sr. Presidente, non pode ser máis que negativo, e a nosa opinión xa a coñece, porque a explicitamos en Plenos anteriores, agardemos a que se aproben os cambios lexislativos que se están debatendo no Congreso dos Deputados, vexamos como queda a Deputación, cáles son as súas competencias e as súas funcións e unha vez que o saibamos, fagamos as reformas administrativas que sexan precisas e pertinentes para adecuar a estrutura á nova legalidade, para adecuar a estrutura as novas funcións e competencias da Deputación, e fagámolo falando cos grupos da oposición, porque estas cuestións teñen unha vontade de permanencia no tempo, como xa dicía en plenos anteriores, e a única forma de garantir esa permanencia no tempo é debaténdoo, discutíndoo e consensuándoo coa opinión, e eu non teño a menor dúbida de que se tanto o Grupo Socialista, como o Grupo do Bloque Nacionalista Galego como o Grupo Popular, se formulan no momento adecuado unha reforma, seguro que chegariamos a un consenso, que chegariamos a un acordo como chegamos en multitude de ocasións noutros puntos diferentes. Nada máis e moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Non sei, Sr. Regueira, os cambios que di, preguntaremos a ver que se produciu, pero loxicamente, como poderá imaxinar, o primeiro que hai que facer é ter unha previsión, pero loxicamente os cambios antes da aprobación, concordo con vostede que non son axeitados. Se é así, pídolle desculpas, outra cousa é a previsión ou as previsións que se poidan facer que, como se pode imaxinar, teñen que ser anteriores.

Respecto á motivación, xa nos quedou clara cal é a que move ao Partido Socialista no seu voto e no seu posicionamento, Sr. Moreda. Vostede empezaba dicindo que isto non é un cambio de persoas, pois no seu argumentario case o parece. Nós facemos un cambio de estrutura, un cambio de estrutura que, loxicamente, obedece a uns obxectivos que nós temos formulados e por iso levámolo a cabo, veremos despois se se cumpren ou non, pero creo que iso non é ser prudente, ou apela vostede á prudencia para deixar todo como está, pois nós cremos que despois de vinte e pico anos é necesario facer un cambio na estrutura da Deputación, un cambio que, como vostede sabe mellor ou igual que calquera dos que estamos aquí, foi consensuado cos sindicatos e nestes momentos, no ano 2013, no

clima social polo que estamos atravesando, que unha administración formule un cambio na estrutura, e non teña ningún voto en contra dos sindicatos, créame, e non é algo que conseguira este presidente, nin moito menos, porque fun o que menos tiveren que ver, créame que non o hai en ningunha parte de España, en ningunha administración, en ningunha. Iso quere dicir que este cambio é perfecto?, nin moito menos, irase mellorando, seguro que na medida das posibilidades, e mellorouse con algunhas achegas que se fixeron no seu momento, porque ademais pedíuselles a todos os xefes de servizo que fixeran as achegas, ou que nos deran cal era a súa visión de cada un dos servizos, polo tanto, o aval que supón que a representación sindical non vote en contra dun cambio, créame que a este grupo de goberno represéntanos moito, dámos moita forza para seguir adiante e, dende logo, creo que é un bo aval, outra cousa é que algún grupo político poida posicionarse en contra en función doutros intereses, alá cada un co que faga.

E mire vostede, xa que citou unha persoa en concreto, eu creo que a esa persoa ofrecéuselle incluso ser xefe de área, polo que sexa non o considerou conveniente e non pasa nada, segue sendo xefe de servizo, a súa praza tena aí, en consecuencia, a alegación foi contestada e agora loxicamente, cada un ten que facer o que considere oportuno. Nós imos seguir porque, repítolle, isto non é un cambio de persoas, é un cambio de estrutura, iso argumentámolo e hoxe traemos a votación, despois do período de alegacións, este cambio, co aval, repito, moi importante, importantísimo, de non ter a ningún sindicato en contra, e como poderá comprobar, vostede sábeo mellor ca min, non é que ningún sindicato represente ao Partido Popular, non así a outras forzas políticas, pero non ao Partido Popular. Polo tanto, nós cremos coa forza, non dos votos, senón da maioría, senón coa forza moral para introducir os cambios que cremos oportunos nesta estrutura.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
 Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)
 Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“En relación co acordo adoptado na sesión plenaria do 31/07/2013, de aprobación inicial de modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo 2013, motivada pola primeira fase de desenvolvemento da Reorganización 2013 desta Deputación:

Primeiro.- Advertidos os erros materiais no cadro dos factores que pasan a compoñer os complementos específicos e, como consecuencia, os postos modificados na relación de postos de traballo, corrixir os tales erros segundo se indica deseguido:

- Cadro de factores:

Onde di:	Debe dicir:
SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO... Operario de Servizos... C2...	SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO... Operario de Servizos... C2/IV.3...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL


FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización de subvencións... 3.946,76... 13.391,75...	FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización de subvencións... 4.248,92... 13.693,91...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización plans e outros gtos con financiamento afectado... 4.248,92... 13.693,91...	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización plans e outros gtos con financiamento afectado... 3.946,76... 13.391,75...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Administrativo... 11...	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Administrativo... 12...
SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS E ASISTENCIA ECONÓMICA... Administrativo... 2...	SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS E ASISTENCIA ECONÓMICA... Administrativo... 1...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Técnico de Xestión Tributaria...	--- (elimínase a liña completa).


- Relación de postos de traballo:


Onde di:	Debe dicir:
SECCIÓN DE ARQUIVO... Xefatura de sección de arquivo... F9.- 14.150,24	SECCIÓN DE ARQUIVO... Xefatura de sección de arquivo... 14.150,24 (elimínase F9)
SECCIÓN DE ARQUIVO... Xefatura de negociado de arquivo... F9.- 9.444,99	SECCIÓN DE ARQUIVO... Xefatura de negociado de arquivo... 9.444,99 (elimínase F9)
SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO... Operario de Servizos... C2...	SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO... Operario de Servizos... C2/IV.3...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización de subvencións... 3.946,76... 13.391,75...	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización de subvencións... 4.248,92... 13.693,91...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización plans e outros gtos con financiamento afectado... 4.248,92... 13.693,91...	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Xefatura de negociado fiscalización plans e outros gtos con financiamento afectado... 3.946,76... 13.391,75...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Administrativo... 11...	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Administrativo... 12...
SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS E ASISTENCIA ECONÓMICA... Administrativo... 2...	SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS E ASISTENCIA ECONÓMICA... Administrativo... 1...
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO... Técnico de Xestión Tributaria...	--- (elimínase a liña completa).


Segundo.- Así mesmo, advertidos erros tamén materiais no organigrama, corrixir os tales erros nas páxinas sinaladas no seu índice cos números 01, 14, 15, 16, 18, 35, 40, 50, 61, 62, 65, 66, 67, 69 e 70, cuxas páxinas quedan integramente segundo se transcribe:

GABINETE DE PRESIDENCIA












Organigrama provisional pendiente de: "REORGANIZACIÓN 2013-2015 SEGUNDA FASE DE DESARROLLO"




ZONAS RECAUDATORIAS




ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL




ÁREA DE DESARROLLO ECONÓMICO TURISMO Y MEDIO AMBIENTE




SERVICIO ACCIÓN SOCIAL CULTURAL Y DEPORTES





CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑAN



HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY


HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY




PSICOLOGO M ^a CARMEN GARRIDO FARIÑA INTERINADA A1	AUXILIAR EDUCADOR SARA MOSTEIRO REGUEIRO C2	AUXILIAR EDUCADOR VACANTE C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA RODRIGUEZ SUAREZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA TERESA BERMUDEZ MIRAS C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA ROSAURA FERNANDEZ PEREZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARTA PERA FERNANDEZ INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO MARIA ANTONIA FURELOS VAZQUEZ C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS ARGENTINA ROSENDE PERNAS E
ADMINISTRATIVO ADMON. GENERAL SILVIA SARASOLA MUÑOZ C1	AUXILIAR EDUCADOR ANA RAMUDO FUNCASTA C2	AUXILIAR EDUCADOR ROSA MARIA MORAN ARGUELLO C2	AUXILIAR EDUCADOR ROSA MARIA TRILLO ARIAS C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA RAQUEL BARRAL LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR DOLORES ROJO SILVA C2	AUXILIAR EDUCADOR PATRICIA DE LA FUENTE MARTINEZ INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO MANUELA M ^a GONZALEZ SANDE INTERINADA C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS VACANTE V.10
TELEFONISTA MARIA SILVIA RAMUDDO FUNCASTA E	AUXILIAR EDUCADOR BEATRIZ QUIÑÓY QUIÑÓY C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA JOSE LAGO DIAZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA JESUS FERNANDEZ CAAMAÑO C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA MILAGROS MARTINEZ MERINO C2	AUXILIAR EDUCADOR SOCORRO SOUTO PARDO INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOEMI PRADOS ASEDE INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO M ^a ISABEL GARCIA REY INTERINADA C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS M ^a ISABEL QUINDIMIL PENAS INTERINADA V.10
TELEFONISTA ESTRELLA BARREIRO COSTOYA E	AUXILIAR EDUCADOR ELENA TEJUIRO LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA CARMEN TEJUIRO LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA LOURDES GARCIA PIÑEIRO C2	AUXILIAR EDUCADOR BENEDICTA LOBO RODRIGUEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR M ^a PILAR GONZÁLEZ RABAOE INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR PAULA M ^a AGUETE SUAREZ INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO TERESA SEDANE SÁNCHEZ INTERINADA C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS M ^a VICTORIA SANCHEZ SÁNCHEZ INTERINADA E
COCINER/A DOLORES SEOANE LEÓN C2	AUXILIAR EDUCADOR TERESA CADAHIA FERNANDEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR ESTHER BUSTO GERPE C2	AUXILIAR EDUCADOR ANA MARIA GUIMAREY ALVAREZ C2	AUXILIAR EDUCADOR OFELIA GÓMEZ CASABELLA C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA DEL CARMEN PEREZ LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR RAQUEL AGRÁ CAAMAÑO INTERINADA C2		
COCINER/A JULIA GRANDIO VARELA IV.5	CELADOR/A PILAR SÁNCHEZ CABADO INTERINADA E	CELADOR/A MARIA LUZ RAMUDO FUNCASTA E	CELADOR/A MILAGROS MONTERO SOUTO E					
COCINER/A PURIFICACION MONTERO CANEDA INTERINADA C2	CELADOR/A DOLORES PAMPIN VARELA E	CELADOR/A VACANTE V.7	CELADOR/A ROSA GARCIA REY V.7					
COCINER/A M ^a CARMEN GESTOSO PAZO INTERINADA C2	CELADOR/A ÁNGEL JOSÉ VIGIL FILGUEIRA INTERINADA E	CELADOR/A JESUSA PAMPIN VARELA E	CELADOR/A MARIA MONTERO SOUTO E	CELADOR/A M ^a LUISA PARDO GARCIA INTERINADA E	CELADOR/A LAURIA QUINTAN GRANDIO INTERINADA E			
AYUDANTE COCINA VACANTE V.5	EDUCADOR-TUTOR RAMÓN ALVAREZ SANTOS INTERINADA C1	EDUCADOR-TUTOR LUCÍA FERNÁNDEZ DÍAZ INTERINADA C1	EDUCADOR-TUTOR VACANTE C1	EDUCADOR-TUTOR M ^a TERESA RUCCO LIPPOLIS INTERINADA C1				
AYUDANTE DE COCINA M ^a PILAR PRADO NAVEIRA INTERINADA E	EDUCADOR/A PAULA COUBILLAS PAMPIN INTERINADA C1	EDUCADOR/A M ^a ÁNGEL GÁLVAN GONZÁLEZ INTERINADA C1	EDUCADOR/A SONIA MARTÍNEZ CASAS INTERINADA C1	EDUCADOR/A VANESA SEOANE BRAVO INTERINADA C1	EDUCADOR/A M ^a BEGOÑA VARELA GARCIA INTERINADA C1			


Organigrama provisional pendiente de: "REORGANIZACIÓN 2013-2015 SEGUNDA FASE DE DESARROLLO"

HOGAR INFANTIL DE FERROL



BIBLIOTECA





Terceiro.- En relación cos escritos presentados, nos que se formulan alegacións dentro do prazo legal contra a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo para 2013, aprobados inicialmente polo citado acordo plenario do 31/07/2013:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O funcionario don Pedro A. González Pérez fundamenta as súas alegacións, basicamente, en que o seu posto, arquitecto técnico, que queda adscrito ao Servizo de Apoio Técnico aos Municipios, Área de Acción Territorial, figura clasificado no subgrupo A2, nivel 22, mentres que outros postos do mesmo subgrupo, da propia Área, figuran co nivel 24. En concreto, no acordo do que se trata, figuran na dita Área co nivel 24 os postos de enxeñeira/o técnica/o industrial e de enxeñeira/o técnica/o de obras públicas, e co nivel 22 todos os postos de arquitecta/o técnica/o.

A funcionaria dona M^a Dolores Pita da Veiga Vázquez formula unhas alegacións similares, fundamentalmente, que asigna ao seu posto, enxeñeira técnica agrícola, o nivel 24 de complemento de destino, como outros postos do mesmo subgrupo, pero non así en canto á contía do complemento específico. O tal posto queda adscrito ao Servizo de Arquitectura e Mantemento, Área de Acción Territorial, na que figuran os postos de enxeñeira/o técnica/o e de arquitecta/o técnica/o xa indicados.

2.- O funcionario don Fernando Pérez San Vicente fundamenta as alegación, en síntese, en que o posto de xefa/e de Negociado de Patrimonio, que queda adscrito ao Servizo de Patrimonio, Área de Servizos Provinciais, é un posto de nova creación, sen que figuren as súas funcións nin a súa avaliación para os efectos da asignación do complemento específico. Na fase de desenvolvemento da reorganización da Deputación, primeira, o acordo do Pleno estrutura o novo Servizo de Patrimonio de modo que se integra nel, como xefatura de Negociado o posto existente de xefatura de Negociado de Subministracións, do extinguido Servizo de Patrimonio e Contratación, sen ningún outro cambio, nin de funcións, nin de retribucións.

A funcionaria dona María José Lauda Pan e outros, entre eles, o xa indicado don Fernando Pérez San Vicente, formulan outro escrito de alegacións de contido similar ao presentado individualmente por este último, referido no parágrafo inmediatamente anterior, en canto á avaliación dos seus postos de traballo e, ademais, interesando que se lles apliquen diversos factores, por considerar que as funcións que realizan son coincidentes coas delimitadas para a tal aplicación aos tales postos.

3.- Os funcionarios don Juan J. Rocha Carro e outros, alegan unicamente que quedan integrados na Área de Acción Territorial, Servizo de Vías e Obras, ao que xa estaban adscritos, e que as funcións aprobadas no acordo plenario non se corresponden, ao seu xuízo, coas que están a realizar actualmente.

4.- O funcionario de habilitación de carácter estatal, don Manuel Roel Hernández-Serrano, que desempeña actualmente en comisión de servizos o posto de xefe de Servizo de Asistencia Económica a Municipios, e no mesmo sentido formúlalaas tamén

o Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Admón. Local da Coruña, fundamenta as súas alegacións basicamente en que o tal posto resulta transformado no de xefatura de Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, pola integración daquel xunto coa Sección de Orzamentos e Estudos Económicos na Intervención Xeral, sendo así que, segundo a súa interpretación, a normativa vixente relativa ás funcións das Deputacións esixe que o novo posto, tendo en conta as funcións asignadas, estea reservado aos funcionarios de habilitación estatal. Así mesmo, formula alegacións no mesmo escrito en canto aos postos de técnica/o de admón. especial, no sentido de que deberían incluírse factores específicos dos asignados a outros postos similares polo acordo plenario, en base “ás novas funcións a acometer dentro do servizo”. As funcións específicas do posto de xefatura de servizo constan expresamente no acordo plenario, así como as dos postos de técnica/o de admón. especial, que non experimentan modificación ningunha en relación coas que tiñan anteriormente asignadas.

5.- O funcionario don Rafael Díaz-Aguado Jalón, indica nas súas alegacións que as funcións asignadas ao posto de xefatura de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, figuren dun xeito máis “desagregado”, segundo a súa opinión, relacionando as tales funcións. As funcións concretas do posto figuran expresamente relacionadas no acordo.

6.- As funcionarias dona Susana Rouco Penabad, dona Nuria Somoza Quintero e dona M^a Carmen Suárez Fernández, formulan sendas alegacións fundamentándoas, basicamente, en que no servizo ao que están adscritas, da Área de Acción Territorial, van ter que asumir novos cometidos e funcións, sen que no acordo plenario se teña en conta para a avaliación dos postos nin, en consecuencia, para a posible asignación de factores retributivos nos complementos específicos. As funcións de todos e cada un dos postos do Servizo de Xestión de Plans figuran expresamente detalladas no acordo.

7.- As persoas funcionarias dona Elisa Zas Prieto e outras, formulan a alegación conxunta que fundamentan no suposto agravio comparativo que supón que a varios dos postos do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, da Área de Intervención, se lles asignen uns factores retributivos no complemento específico, mentres que a eles non se lles asigna ningún novo factor que incremente a súa retribución. No acordo plenario figuran detalladas as funcións dos tales postos.

8.- Os funcionarios don Pablo Yáñez Rodríguez e outros, titulares de postos de delineante, adscritos a diversas unidades da Área de Acción Territorial, manifestan que están a realizar actualmente funcións que non figuran nas definidas no acordo plenario fronte ao que alegan, solicitando, en consecuencia, a asignación específica dos factores retributivos correspondentes no complemento específico.

Así mesmo, o funcionario don Manuel A. Fernández Domínguez, adscrito á Unidade de Protocolo e Relacións Públicas, formula alegacións similares, en canto manifesta igualmente que realiza funcións na actualidade que non se teñen en conta no acordo, solicitando igualmente unha asignación económica.

9.- O funcionario don Juan Carlos Franco Rey e o traballador don Antonio Gómez Charlín, ambos os dous adscritos ao Servizo de Arquitectura e Mantemento, Área de Acción Territorial, formulan sendas alegacións con similar fundamentación, en canto

sosteenen que están suxeitos a un réxime de dedicación que debería ser retribuído coa asignación dos factores correspondentes no complemento específico. Ambos alegantes teñen asignado un réxime de dedicación normal, co horario normal habitual, sen que se opere ningunha modificación polo acordo plenario.

10.- A funcionaria dona Gema Montes Fariña e outros, adscritos á Biblioteca, Área de Servizos Provinciais, manifestan nas súas alegacións que non se tivo en conta que o tal centro ten horario de apertura ao público os sábados, e solicitan, en consecuencia, que se lles asigne o factor 10 apertura público sábados, horario fixo non suxeito a conciliación.

11.- Así mesmo, a propia funcionaria, dona Gema Montes Fariña, solicita para o seu posto o factor 9 habilitación de anticipos de caixa fixa, alegando que figura como tal habilitada na Resolución da Presidencia do 23/07/2013, con motivo da baixa por enfermidade da funcionaria habilitada.

12.- O funcionario don Aurelio Da Silva Calvelo, posto de xefe de Servizos Internos, adscrito á Área de Secretaría Xeral, formula alegacións indicando que os efectivos de postos de persoal subalterno están diminuindo, o que supón unha carga de traballo adicional para o resto do tal persoal e para el mesmo, polo que solicita unha mellora retributiva. O acordo plenario amortiza unha praza e posto de subalterno.

13.- O funcionario don Vicente Berrocal Bertol, posto de xefe de Servizo de Vías e Obras, Área de Acción Territorial, alega que se eliminan do Servizo un posto de enxeñeira/o de camiños e outro de enxeñeira/o técnica/o de obras públicas, o que na súa opinión vai supoñer unha sobrecarga de traballo nos demais técnicos adscritos a el, e ademais solicita que no organigrama non figuren nominalmente as persoas que ocupan os postos, para unha maior flexibilidade en canto á asignación destas persoas as distintas zonas de traballo. Os postos referidos son reasignados dentro dos servizos que integran a Área de Acción Territorial polo acordo plenario aprobado.

En igual sentido, en canto se refire á inclusión nominal no organigrama das persoas que ocupan os postos de traballo, formula o funcionario don Miguel Cachafeiro Pazos, adscrito ao Servizo de Vías e Obras, as súas alegacións.

14.- O funcionario don Manuel Vázquez Sesmonde, posto actual de xefe de Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, e que no acordo plenario aprobado pasa a denominarse xefatura de Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, integrándose na Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, formula as súas alegacións no sentido de que non se inclúen entre as funcións asignadas á Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente, as relativas aos compromisos que ten asumidos a Deputación co centro Europe Direct da Coruña, desenvolvidas ata a data polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, nin se mantén o persoal que nominalmente figura como equipo de traballo adscrito ao tal centro Europe Direct, polo que considera necesario que se inclúan esas funcións no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente; que, así mesmo, e en consecuencia, un posto de técnica/o superior Unión Europea pasa a integrarse na Área de Secretaría Xeral, dependencia directa da Oficialía Maior, Sección Información e Actas, considerando que debería continuar adscrito ao repetido Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Ademais, considera tamén que non é necesario o posto

de auxiliar de admón. xeral que se adscribe ao tal servizo, por ser suficiente o persoal adscrito administrativo de admón. xeral. Por último, realiza tamén consideracións en canto a posibles erros materiais na modificación do cadro de persoal (“plantilla”).

15.- O funcionario don Luis Jaime Rodríguez Fernández, posto actual de xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación, e que polo acordo plenario aprobado pasa a quedar adscrito á xefatura de Servizo de Patrimonio, Área de Servizos Provinciais, ao transformar o devandito Servizo de Patrimonio e Contratación en dous servizos diferenciados: o de Patrimonio e o de Contratación que segue a depender da Área de Secretaría Xeral, Oficialía Maior. Fundamenta as súas alegacións, en síntese, nas seguintes consideracións:

a).- Que no ano 1999 se creou o posto de xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación, ao que accedeu polo sistema de concurso, e que continúa nesta data no seu desempeño.

b).- Non existen razóns nin fundamentos legais nin de oportunidade para a división do Servizo de Patrimonio e Contratación en dous servizos, o de Contratación e o de Patrimonio, xa que, ao seu xuízo, non sería necesario, senón que bastaría coa actual organización un único servizo coas funcións que xa se desenvolven nel actualmente.

c).- Sostén que a división en dous, responde única e exclusivamente a unha remoción encuberta do alegante do posto que obtivo no seu día por concurso, procedemento que é o que garante as necesarias imparcialidade e obxectividade, así como a imprescindible independencia, para a persoa funcionaria que ocupe concretamente o posto relativo a Contratación, coa fin de “evitar todo tipo de presións, onde se poden producir situacións irregulares ou presuntas actuacións que puidesen ser constitutivas de delito”.

d).- Que no seu caso se incumpren os principios de igualdade, mérito e capacidade, xa que non se lle deu opción a elixir entre os dous novos servizos, Patrimonio e Contratación, adscribíndoo, sen máis, ao de Patrimonio.

e).- Detalla profusamente a súa traxectoria profesional na Deputación, así como fóra dela, facendo especial mención da súa capacidade e dedicación, dende o seu acceso á función pública nesta Deputación.

f).- Manifesta que o persoal que no acordo contra o que alega, se adscribe ao Servizo de Contratación representa unha porcentaxe dun 79% do que está actualmente asignado ao de Patrimonio e Contratación, e o restante, 21%, ao Servizo de Patrimonio, cuxa xefatura se lle asigna ao alegante, e que “a opinión unánime do persoal e o seu desexo sería o de continuar unidos nun só Servizo de Patrimonio e Contratación”.

g).- En canto ás funcións, o alegante mantén que quedan diminuídas no posto que se lle asigna de xefatura de Servizo de Patrimonio, xa que, segundo o seu criterio, no de Patrimonio e Contratación a relación era dun 20% para a parte de Patrimonio e dun 80% para Contratación, o que, ao seu xuízo, supón un “subterfuxio” a través dunha reforma orgánica ou da relación de postos de traballo para “o apartamento dun funcionario dos seus cometidos de contratación”, o que considera que trae causa dos criterios mantidos nos informes por el emitidos (alegación décima).

h).- Mantén que ao ser o posto que actualmente ocupa obtido por concurso, non se lle pode “privar do desempeño das súas funcións de forma arbitraria”.

i).- Que no acordo contra o que alega, se modifica a relación de postos de traballo incluíndo postos de traballo coa “libre designación” como forma de provisión, sen que se xustifiquen as razóns polas que se opta por esta e non pola xeral de “concurso”, en contra da xurisprudencia do Tribunal Supremo que cita, engadindo que se vulneran os arts. 23 e 103 da Constitución Española, no que se refire aos principios de mérito e capacidade no acceso á función pública, sendo no expediente correspondente á relación de postos de traballo onde han constar esas razóns que xustifiquen a elección da tal opción de provisión.

j).- Remata solicitando que se deixe sen efecto a división do actual Servizo de Patrimonio e Contratación e ao alegante na xefatura do tal servizo con forma de provisión por concurso; que para o caso de que non se estime a petición, solicita e “opta” porque se lle “asigne desempeñar a xefatura do Servizo de Contratación e non a do Servizo de Patrimonio, manténdose polo tanto a forma de provisión mediante concurso”; que todos os postos de traballo que no acordo ao que alega, do 31/07/2013, se configuran para prover por libre designación, se configuren para prover por concurso; a suspensión da execución do acordo para o caso de que non se teñan en conta as anteriores reclamacións ata a resolución xurisdiccional firme, para “evitar os danos e prexuízos” que se derivarían para o alegante da aprobación da modificación da relación de postos de traballo.

En relación coas devanditas alegacións, ademais do propio contido do expediente que deu lugar ao acordo plenario, considérase necesario resaltar o seguinte:

- Na vixente relación de postos de traballo para 2013, antes da adopción do acordo do 31/07/2013, obxecto das alegacións do devandito funcionario, don Luis Jaime Rodríguez Fernández, figuran un total de 24 postos a prover polo sistema de libre designación (BOP núm. 13, do 18/01/2013 e BOP núm. 130, do 10/07/2013), sendo de destacar, entre eles, os reservados a funcionarios de habilitación estatal: secretario xeral, oficial maior, interventor xeral, viceinterventor, interventor adxunto, tesoureiro provincial, vicetesoureiro provincial; e os de dirección das Áreas de Acción Territorial; de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente; de Servizos Provinciais, e de Persoal e Organización. Contra os acordos de aprobación e modificación da devandita RPT, non se presentou ningunha impugnación, nin na vía administrativa nin na xurisdiccional.

- No acordo contra o que alega, dos 9 postos de libre designación que figuran con nivel de xefatura ou reservados a funcionarios de habilitación estatal na modificación da RPT, 4 deles xa existían e manteñen a tal forma de provisión, 3 son de nova creación e unicamente cambia a súa forma de provisión 1 deles; pola contra, o posto que se lle asigna ao alegante, xefatura de Servizo de Patrimonio, mantense a forma de provisión por concurso.

- Polo que se refire ao persoal adscrito ao actual Servizo de Patrimonio e Contratación, significar que as alegacións que presentaron (antecedente de feito 2), non cuestionan en ningún momento das súas alegacións a súa adscrición ao Servizo

de Contratación novo, nin mencionan en ningún momento que teñan que seguir unidas nun só servizo as funcións de Patrimonio e Contratación.

- O posto ao que se adscribe o alegante, xefatura de Servizo de Patrimonio, mantén exactamente o mesmo nivel de complemento de destino, contía do complemento específico, réxime de especial dedicación, forma de provisión e, en suma, absolutamente todas as mesmas características obxectivas que tiña o de xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación, polo que non se lle produce prexuízo nin menoscabo ningún ao dito alegante neste aspecto.

- As funcións que se asignan ao novo posto de xefatura de Servizo de Contratación, tal como resulta do propio texto do acordo, son as seguintes:

“-Dirección do servizo.

*-Dirección e supervisión do persoal adscrito ao servizo.

*-Coordinación das necesidades de formación.

*-Coordinación do servizo cos demais servizos da Deputación en materia de contratación.

*-Contestación a consultas telemáticas, telefónicas ou presenciais formuladas por alcaldes ou funcionarios con habilitación de carácter estatal en materia de contratación.

*-Tramitación superior de todos os contratos que se leven a cabo na organización.

*-Supervisión do material non inventariable que se distribúe para o traballo habitual da organización.

*-Coordinación da relación da organización cos licitadores”.

- As funcións que se asignan ao novo posto de xefatura de Servizo de Patrimonio, que tamén constan no propio acordo, son:

“-Colaborar co responsable da Área na fixación dos obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como a súa execución.

*-Propoñer os proxectos do seu Servizo para acadar os obxectivos establecidos para a Área na que se integra, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento.

*-Propoñer ao dirección da Área cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Servizo.

*-Propoñer á dirección da Área ou órgano do que dependa, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan ao Servizo.

*- Preparación e xestión do orzamento do Servizo.

*-Impulsar e supervisar as actividades que forman parte da xestión ordinaria do Servizo e velar polo bo funcionamento das Unidades dependentes e do persoal integrado nelas.

*-Velar pola eficiente utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que teñan asignados.

*-Coidar da formación, motivación, promoción, disciplina, prevención, seguridade e clima laboral do persoal ao seu cargo, propoñendo as medidas que considere adecuadas para acadar para tales fins, ademais de atender e resolver as cuestións individuais que lle sexan expostas polo persoal do seu Servizo.

*-Impulsar a utilización de instrumentos tecnolóxicos nas áreas de actuación do Servizo.

*-Promover, dentro do Servizo, os usos e hábitos da calidade e mellora continua da eficacia e eficiencia nos procesos ordinarios de xestión.

*-Promover a análise e medida dos resultados obtidos.

*-Supervisar, controlar e coordinar a actividade administrativa no Servizo.

*-Asistir ás reunións técnicas ás que sexa convocado en calidade de responsable do seu Servizo tanto reunións internas como externas.

*-Elaboración da Memoria anual do Servizo.

*-Funcións específicas:

--- Xestión e actualización do Inventario de Bens da Deputación.

--- Xestión do patrimonio.

--- Expropiación de bens.

--- Responsabilidade patrimonial.

*-Calquera outra función, dentro do ámbito da súa competencia, que lle sexa encomendada pola Dirección da Área da que forma parte”.

- . No apartado décimo quinto das súas alegacións, o propio alegante fai unha profusa e detallada relación das funcións que se realizaban, polo que se refire á área de Patrimonio, no Servizo de Patrimonio e Contratación, ás que el mesmo parece darlles unha excepcional importancia.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

- En canto ás alegacións formuladas por don Pedro A. González Pérez e por dona M^a Dolores Pita da Veiga Vázquez (antecedente de feito 1):

1º.- A xurisprudencia é unánime e constante (entre outras e por todas, STSXG núm. 253/1989, e STSXG núm. 806/1996, que cita a do TS do 13/02/1996 en recurso extraordinario de revisión), en canto a que a equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son, en efecto, diferentes en función de circunstancias e titulacións diferentes, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade, que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto, por esixilo así a propia natureza e esencia dos tales complementos. No caso do que se trata, todos os postos de arquitecta/o técnica/o, sen distinción, incluído o do alegante Sr. González Pérez, figuran co mesmo nivel de complemento de destino, e no caso da alegante Sr^a Pita da Veiga Vázquez, existe xa unha diferenza inicial e fundamental no réxime de dedicación, especial no caso dos postos cos que compara; polo que non existe ningún tipo de discriminación en ningún caso.

- En canto ás alegacións formuladas por don Fernando Pérez San Vicente e por dona M^a José Lauda Pan e outros (antecedente de feito 2):

2º.- No exercicio da súa potestade de autoorganización, a Deputación establece no acordo plenario a integración dun posto de xefatura de Negociado xa existente nun Servizo que se reestrutura en dous distintos, o de Patrimonio e o de Contratación, cuxa xefatura de Negociado, consecuentemente, modifica a súa denominación (Subministracións por Patrimonio), sen que experimente cambios nas funcións nin nas retribucións, polo que a necesaria avaliación hase considerar xa realizada con anterioridade incluso á propia Relación de Postos de Traballo para 2013 que se modifica polo dito acordo, a que non foi obxecto de impugnación ningunha, e, en calquera caso, a definición das funcións e a avaliación básicas figuran xa de antigo establecidas pola propia Deputación para establecer os compoñentes básicos do complemento específico de todos os postos dende o acordo plenario do 26/12/1986, precisamente, para dar cumprimento ao establecido no RD 861/1986, que cita o alegante.

Igual fundamentación resulta aplicable polo que respecta aos postos do Servizo de Contratación, en canto á súa avaliación. Polo que se refire ás funcións e á posible asignación de outras novas, resulta que en ningún deles se engaden, nin modifican as xa asignadas aos postos, polo que, en consecuencia, non se modifican tampouco os factores que compoñen os seus complementos específicos.

- En canto ás alegacións formuladas por don Juan J. Rocha Carro e outras (antecedente de feito 3):

3º.- As manifestacións realizadas polos alegantes, en canto á non inclusión entre as funcións que se definen para os postos dos que son titulares, das que din realizar actualmente, non impiden que, tamén de acordo coa súa potestade de autoorganización, a Deputación poida modificalas, redefínalas ou, incluso, suprimir algunha delas, sempre que, como ocorre no caso presente, non se incorra en infracción legal, nin se modifiquen nin as condicións retributivas nin ningunha outra dos ditos postos. En calquera caso, as funcións concretas dos postos dos alegantes que, con independencia do manifestado por eles, tiñan que realizar ata o momento de asumir as definidas polo acordo plenario do que se trata, figuran expresamente detalladas nos acordos plenarios do 28/08/2007 e do 30/11/2007.

- En canto ás alegacións formuladas por don Manuel Roel Hernández-Serrano e polo Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Admón. Local da Coruña (antecedente de feito 4):

4º.- Os preceptos citados polos alegantes nos escritos de alegacións non son de aplicación no sentido que se lles quere dar por eles. En efecto, o art. 26.3 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, prevé que a asistencia das Deputacións aos municipios, segundo o art. 36 da mesma lei, dirixírase preferentemente ao establecemento e adecuada prestación dos servizos públicos mínimos, así como á garantía do “desempeño nas Corporacións municipais das funcións públicas” necesarias en todas as Corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de habilitación de carácter estatal. Pero, de conformidade cos arts. 5 do RD 1732/1994 e 3, 4, 5 e 6 do RD 1174/1987, resulta que a obriga para as Deputacións consiste en reservar a funcionarios con habilitación de carácter estatal “necesarios para garantir o cumprimento das tales funcións”; é dicir, que non se trata de postos concretos e específicos, senón, pola contra, os “necesarios”, sendo así que actualmente a Deputación conta efectivamente con

postos que considera suficientes, especial e precisamente, na área de Intervención, para asumir o tal desempeño das ditas funcións a tal “responsabilidade administrativa reservada” (interventor, viceinterventor, interventor adxunto). Avala este razoamento, o feito de que no “Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais” (BOP núm. 245, do 25/10/1988), aprobado por esta Deputación e actualmente vixente, establece expresamente, entre outros aspectos, a asistencia para as funcións de Secretaría e Intervención que “se levará a cabo mediante: a) O persoal idóneo adscrito ao servizo. b) A formalización de convenios co Colexio provincial representante dos funcionarios con habilitación de carácter nacional”. En suma, cos mesmos preceptos legais vixentes citados polos alegantes, non foi legalmente necesario que existira, nin polo tanto que exista ningún posto reservado a funcionarios de habilitación estatal específico para prestar a asistencia aos municipios da provincia, tratándose, pois, dunha decisión puramente organizativa, pero non esixida legalmente.

Polo que respecta a alegación concreta do Sr. Roel Hernández-Serrano, relativa aos postos de técnica/o de admón. especial, reproducir o xa manifestado nos fundamentos anteriores, en canto á posible asignación de funcións, toda vez que resulta que en ningún dos tales postos se engaden, nin modifican as xa asignadas aos postos, polo que, en consecuencia, tampouco procede que se modifiquen os factores que compoñen os seus complementos específicos.

- En canto ás alegacións formuladas por don Rafael Díaz-Aguado Jalón (antecedente de feito 5):

5º.- Reiterar o tamén xa exposto, polo que se refire á potestade de autoorganización da Deputación para definir, modificar, redefinir ou, incluso, suprimir as dos postos da súa relación de postos de traballo sempre que non se incorra en infracción legal, máxime neste caso no que se trata dun posto de nova creación.

- En canto ás alegacións formuladas pola funcionaria dona Susana Rouco Penabad, pola funcionaria dona Nuria Somoza Quintero e pola funcionaria M^a Carmen Suárez Fernández (antecedente de feito 6):

6º.- Remitirse ao xa reiteradamente manifestado, no que se refire á definición, modificación, redefinición ou supresión das funcións asignadas aos postos, que, ademais, no caso presente, manteñen estritamente as que xa tiñan asignadas, coincidentes todas elas, ademais, coas xenéricas aprobadas para os tales tipos de postos no momento da súa avaliación.

- En canto ás alegacións formuladas por dona Elisa Zas Prieto e outros (antecedente de feito 7):

7º.- Reiterar, igualmente o xa exposto en alegacións similares, posto que, tal como resulta do propio acordo aprobado, as funcións dos postos das persoas alegantes non experimentan variación ningunha con relación ás que xa tiñan asignadas, polo que non é posible agravio comparativo ningún.

- En canto ás alegacións formuladas polos funcionarios don Pablo Yáñez Rodríguez e outros, postos de delineante, e polo funcionario don Manuel A. Fernández

Domínguez, da unidade de Protocolo e Relacións Públicas (antecedente de feito 8):

8º.- Reiterar, así mesmo, o xa manifestado nos fundamentos anteriores, en canto á non inclusión entre as funcións dos postos dos que son titulares, das que din realizar actualmente, non impide que, tamén de acordo coa súa potestade de autoorganización, a Deputación poida modificalas, redefínalas ou, incluso, suprimir algunha delas, sempre que, como ocorre no caso presente, non se incorra en infracción legal, polo que, en consecuencia, tampouco procedería incremento retributivo nin asignación de factores ningunha.

- En canto ás alegacións do funcionario don Juan Carlos Franco Rey, e do traballador don Antonio Gómez Charlín (antecedente de feito 9):

9º.- As alegacións en canto ao seu réxime de dedicación non se corresponden co asignado aos seus postos de traballo, nin antes, nin no acordo plenario contra o que alegan, séndolles de aplicación o horario sinalado como xeral no acordo do Pleno do 21/12/2007, que regula os horarios do persoal desta Deputación, polo que non procede a asignación de factor de ningún.

- En canto ás alegacións da funcionaria dona Gema Montes Fariña e outros (antecedente de feito 10):

10º.- O acordo plenario do 21/12/2007, xa citado, estableceu a regulación interna dos horarios de todo o persoal desta Deputación, sendo de aplicación aos alegantes o establecido nel en canto se refire aos horarios especiais para os departamentos nos que non sexa posible a adopción do horario fixado como xeral, quedando establecido en quendas de mañá e de tarde e, ademais, nun sábado de cada tres. Dada a característica do centro, Biblioteca aberta ao público, non é de aplicación, polo tanto, o horario xeral para o persoal de oficinas centrais. En calquera caso, o acordo referido regula única e exclusivamente o factor solicitado para as oficinas de Rexistro e Información.

- En canto ás alegacións específicas da funcionaria dona Gema Montes Fariña (antecedente de feito 11):

11º.- O acordo contra o que alega non modifica en ningún aspecto as funcións dos postos que quedan adscritos á Biblioteca, entre eles o do que é titular a alegante, administrativa de admón. xeral, quedando, en consecuencia, coas mesmas condicións e retribucións xa establecidas na vixente relación de postos de traballo, polo que tendo en conta os principios de xerarquía e competencia, o tal acordo prevalece fronte á Resolución da Presidencia na que se fundamenta a alegante, e, ademais, o motivo da dita resolución para habilitar a esta é exclusivamente o da baixa por enfermidade da anteriormente habilitada.

- En canto ás alegacións do funcionario don Aurelio Da Silva Calvelo (antecedente de feito 12):

12º.- Reitérase igualmente o xa exposto nos fundamentos precedentes, polo que respecta á potestade de autoorganización das administracións públicas, en cuxo

exercicio a Deputación considera suficiente o número de efectivos de persoal subalterno, amortizando, incluso, un dos postos existentes e vacantes, e polo que se refire ao incremento retributivo solicitado, reiterar tamén que as funcións dos ditos postos non experimentan variación ningunha, polo que, en consecuencia, tampouco a experimentan as retribucións.

- En canto ás alegacións do funcionario don Vicente Berrocal Bertol e do funcionario don Miguel Cachafeiro Pazos (antecedente de feito 13):

13º.- Ademais do xa máis que reiterado en canto á potestade de autoorganización, plenamente aplicable á alegación relativa á eliminación dos postos no Servizo de Vías e Obras, que son simplemente asignados a outros Servizos da Área, polo que se refire á inclusión nominal no organigrama das persoas titulares dos postos, de conformidade co disposto na normativa aplicable á provisión de postos de traballo, esta constitúe un dereito dos funcionarios públicos contido noutro máis xenérico, cal é o desempeño dun posto de traballo concreto e específico, arts. 20 e 21 da Lei 30/1984, polo que non só é legalmente correcta a inclusión nominal efectuada polo acordo plenario, senón necesario, o que en ningún caso impide as asignacións temporais de funcións ou de zonas motivadas polas necesidades do servizo.

- En canto ás alegacións do funcionario don Manuel Vázquez Sesmonde (antecedente de feito 14):

14º.- Ademais de reiterar o xa tan repetido nos fundamentos anteriores, no que se refire á potestade de autoorganización, en virtude da que a Deputación poida modificar funcións, redefínilas ou, incluso, suprimir algunha delas, sempre que, como ocorre no caso presente, non se incorra en infracción legal, resulta que o acordo contra o que se alega desenvolve unha primeira fase da reorganización para 2013, dentro do xa acordado en canto á planificación estratéxica da propia Deputación e unha vez decidida a nova organización a partir das propostas recibidas e negociadas, o que non impide, en consecuencia, que no desenvolvemento, no seu caso, das sucesivas fases, se pode reconsiderar algún outro aspecto que non sexa obxecto neste momento da primeira fase. En consecuencia, polo que se refire á asignación do posto de técnica/o superior Unión Europea, a súa adscrición á Área de Secretaría Xeral é unha decisión consciente, meditada e adoptada dentro do máis absoluto respecto dos principios de legalidade e de oportunidade; e polo que respecta ao posto de auxiliar de admón. xeral, a alegación non deixa de ser máis que unha mera opinión do alegante.

- En canto ás alegacións do funcionario don Luis Jaime Rodríguez Fernández (antecedente de feito 15):

15º.- Tal como xa quedou expresamente reflectido no antecedente de feito correspondente, e consta da literalidade do propio acordo plenario contra o que se dirixen as alegacións, resulta que as funcións que se definen para os novos postos de xefatura de Servizo de Contratación e de xefatura de Servizo de Patrimonio son resultado concreto e expreso da facultade de autoorganización da Deputación Provincial da Coruña, sen que exista nin o menor indicio de arbitrariedade en canto a asignación das tales funcións a un posto ou ao outro. Ambos os dous postos, da propia descrición das funcións de cada un, resulta que teñen un nivel de actuación e de responsabilidade similares, cada un, iso si, na súa área, e as súas retribucións son

iguais. Non se produce, en ningún caso, ningunha vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade, antes pola contra, o alegante non resulta prexudicado en nada, en ningún dos aspectos obxectivos nin subxectivos, sen que exista, polo tanto, discriminación de ningún tipo na súa designación para o posto do Servizo de Patrimonio, que, incluso, ten asignada unha relación de funcións máis extensa que o do Servizo de Contratación.

Dos preceptos legais sinalados polo alegante (arts. 23 e 103 da Constitución Española, art. 14 do Estatuto básico do empregado público e art. 29 do Texto refundido da lei da función pública de Galicia, fundamentalmente), así como da xurisprudencia citada, aplicados ao caso presente, non resulta ningunha outra cousa que o estrito e escrupuloso cumprimento da legalidade vixente.

É de aplicación o xa máis que reiterado nos fundamentos anteriores, expostos para as demais alegacións presentadas: a potestade de autoorganización da Deputación facúltaa para modificar, redefinir ou, incluso, suprimir funcións de postos concretos, sempre que, como ocorre no caso presente, non se incorra en infracción legal, nin se modifiquen nin as condicións retributivas nin ningunha outra dos ditos postos.

Os arts. 78 a 84 da Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público (EBEP en adiante), regulan a provisión de postos de traballo dos funcionarios de carreira na administración pública, manténdose os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade (art. 78.1), e, precisamente, enumera como medios de provisión o concurso e a libre designación, deixando aberta a posibilidade de que existan outros regulados nas leis de función pública que poidan ditarse no seu desenvolvemento.

En tanto resulte actualmente de aplicación o disposto na Lei 30/1984 e no Texto refundido da lei da función pública de Galicia (TRLFPG en adiante), resulta plenamente aplicable a libre designación como forma de provisión de postos de traballo.

Unha característica deste modo de provisión é a de ser o modo a través do que se provén os cargos administrativos de alta responsabilidade e os de carácter directivo ou de especial responsabilidade para os que así se determine nas relacións de postos de traballo (RPT en diante). É ademais un modo de provisión totalmente estendido na normativa das Administracións públicas (estatal, autonómica, local), e, especificamente, na local expresamente regulada para a provisión dos postos de maior responsabilidade, os reservados a funcionarios de habilitación estatal.

Actualmente, tanto doutrinal como xurisprudencialmente, é o sistema considerado como o medio idóneo para formar equipos directivos e de traballo en organizacións de xestión pública, a prol da consecución da amplamente demandada eficacia administrativa na xestión dos servizos públicos, con primacía sobre os intereses particulares ou políticos.

No ámbito xurisprudencial, sinalar, entre outras, STS do 04/04/1972, do 30/11/1981 e, sobre todo, a do 03/10/1983, en canto establece que a libre designación non supón discriminación en canto canle idónea para unha máis selecta, eficiente e profesionalizada forma de servir o interese xeral. As STC do 18/10/1993, con antecedentes nas SSTC do 14/10/1991, en canto sinala que “... o principio xeral de igualdade no ámbito da función pública... non confire un dereito substantivo a

desempeñar funcións determinadas (SSTC 50/1986 e 200/1991)... é aplicable –o precepto- aos actos relativos á provisión de postos de traballo (SSTC 75/1983, 15/1988 e 47/1989), aínda que é diferente o rigor e intensidade con que operan os principios de mérito e capacidade segundo se trate do inicial ingreso na función pública ou do ulterior desenvolvemento ou promoción da propia carreira administrativa, pois no suposto de provisión de postos de traballo entre persoas que xa accederon á función pública e, por ende, acreditado os requisitos de mérito e capacidade, cabe ter en conta outros criterios distintos enderezados a lograr unha maior eficacia na organización e prestación dos servizos públicos ou a satisfacer outros bens constitucionalmente protexidos (SSTC 192/1991 e 200/1991)”. No mesmo sentido, reiteran esta doutrina as SSTC do 13/07/1998 e 13/12/1993.

As SSTS do 10/01/1997, 11/01/1997 e 13/06/1997, reiteran todas elas que a libre designación pertence á categoría xeral dos actos discrecionais, cuxa característica principal é a de que os tales nomeamentos se basean na existencia dun motivo de confianza, apreciada pola autoridade que verifica o nomeamento, á vista das circunstancias que concorren no solicitante para chegar a ocupar o posto ou para seguir desempeñándoo. Reitera esta doutrina a STSX País Vasco do 17/10/2000.

A STS do 07/05/1993, sinala claramente o libre arbitrio é total e absolutamente diferente do sistema de libre designación, en canto este “se aplica a postos determinados en atención á natureza das súas funcións... entran en tal grupo os postos... de especial responsabilidade”.

Por último, sinalar o art. 20.1º.b) da Lei 30/1984 e o art. 29.2 do TRLFPG, establecen que polo sistema de libre designación se cubrirán os postos que así se determinen polas relacións de postos de traballo. Na RPT da Deputación existiron e existen postos que se provén polo sistema de libre designación que, dende a súa existencia, foron sempre provistos dentro da máis absoluta legalidade e transparencia nos seus procesos de selección, sen que fosen impugnados nin, en consecuencia, invalidadas nin as convocatorias, nin os nomeamentos efectuados.

Polo que se refire á solicitude de suspensión do acordo contra o que alega, unicamente dicir que de conformidade co establecido no art. 111, en relación cos 94 e 57.1, da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común, procede rexeitar a solicitude de suspensión da execución do acordo neste trámite de alegacións.

Non procede, polo tanto, admitir as alegacións formuladas.

- En xeral e para todas as alegacións presentadas:

16º.- Nesta 1ª fase da reorganización 2013, só se avalían e, no seu caso, modifican postos determinados e concretos, tal como figuran no acordo plenario de aprobación inicial das correspondentes modificacións do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, polo que os que non son obxecto de modificación na, repítese, 1ª fase, foron xa avaliados e consolidados polos correspondentes acordos plenarios firmes e consentidos no seu momento e non necesitan legalmente, polo tanto, de ningunha outra avaliación.

17º.- A través das respectivas Mesas de Negociación do persoal, analízanse anualmente ou, como no caso presente, cando se produce algunha modificación substancial, as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven ou que se lles asignan de novo, e noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade sempre co disposto na legalidade vixente, en especial, o RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da admón. local (art. 4.1). No caso presente, ademais, a representación sindical prestou a súa practicamente unánime conformidade co expediente e a proposta que o acordo plenario contra o que se alega aprobou (unha ampla maioría absoluta dos seus integrantes, tres de catro representacións sindicais).

De conformidade coa normativa legal e xurisprudencial citadas e demais concordante e de aplicación.

Rexeitar as alegacións presentadas contra a modificación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo motivada pola primeira fase de desenvolvemento da reorganización 2013 desta Deputación.

Cuarto.- En consecuencia, aprobar definitivamente a modificación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo 2013, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación do 31/07/2013, dentro da primeira fase de desenvolvemento da reorganización 2013, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos oportunos.”

18.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE PADERNE PARA FINANCIAR O PROXECTO “AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE PADERNE**, CIF P1506500F, para financiar as actividades da “*Axencia de emprego e desenvolvemento local*”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 18.195,12 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 75,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/433A/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE PADERNE

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, D. Manuel Regos Boqueta, en representación do CONCELLO DE PADERNE

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE PADERNE, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE PADERNE, CIF P1506500F**, para o financiamento da “*Axencia de emprego e desenvolvemento local*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE PADERNE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	
Salarios e Seguridade Social	
Axente de Emprego	24.260,16 €
TOTAL	24.260,16 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.195,12 €, o que representa unha porcentaxe do 75,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que

represente o 75,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE PADERNE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE PADERNE o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE PADERNE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE PADERNE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE PADERNE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten

carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE PADERNE, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE PADERNE estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscriba polo representante legal do CONCELLO DE PADERNE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE PADERNE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE PADERNE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 30 de novembro de 2013.

2. O CONCELLO DE PADERNE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE PADERNE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE PADERNE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE PADERNE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE PADERNE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE PADERNE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O CONCELLO DE PADERNE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE PADERNE poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE PADERNE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE PADERNE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE PADERNE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do ano 2013, e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2013**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE PADERNE non poida ter presentada a xustificación antes desa data, deberá solicitar a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE PADERNE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE PADERNE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN _____ O alcalde do CONCELLO DE PADERNE

DON DIEGO CALVO POUZO”

19.-MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO CON DATA DO 27-11-2009 RELATIVO Á CESIÓN DE USO AO CONCELLO DA CORUÑA DO LOCAL NA RÚA MATADOIRO 68, A CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo do Pleno da Deputación do 27-11-2009, no sentido en que a cesión de uso ao Concello da Coruña do local na rúa Matadoiro 68 da Coruña, propiedade da Deputación será “para a creación dun espazo dirixido á área da educación, da mocidade ou de calquera outro de natureza social en xeral.”

20.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR AS OBRAS MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO VIAL DO POLÍGONO DA MARISQUEIRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Culleredo para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO VIAL DO POLIGONO DA MARISQUEIRA, cunha achega de 126.303,28 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 13,02%), sobre un orzamento subvencionable de 970.248,23 euros que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151A/76201, cuxo texto de convenio se transcribe literalmente.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO VIAL DO POLÍGONO DA MARISQUEIRA

A Coruña, _____ de dous mil trece na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte Don Julio Sacristán de Diego, alcalde-presidente do Concello de **CULLEREDO**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de **CULLEREDO**, e considerando que o 07.09.2012 se asinou un convenio para o financiamento das obras que se citan, convenio que non se puido aboar pola Deputación dado que estas xa foran executadas polo concello antes da entrada en vigor do convenio, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de **CULLEREDO** con CIF P1503100H, para o financiamento das **OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO VIAL DO POLÍGONO DA MARISQUEIRA** tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por don JAVIER LÓPEZ PITA, enxeñeiro de camiños.

O Concello de **CULLEREDO**, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállese do seguinte xeito:

P. E.M:	702874,70
GASTOS XERAIS	91373,71
BENEFICIO INDUSTRIAL	42172,48
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	133.827,34
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	970.248,23 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 126.303,28 €, o que representa unha porcentaxe do 13,02%

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,02% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/151A/762.01 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de **CULLEREDO** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de **CULLEREDO** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de **CULLEREDO** estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de **CULLEREDO** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de **CULLEREDO** estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada)

Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola o Concello de **CULLEREDO** na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de **CULLEREDO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de **CULLEREDO** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de **CULLEREDO** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda das subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de **CULLEREDO** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- O Concello de **CULLEREDO** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento

das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de **CULLEREDO** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de **CULLEREDO** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de **CULLEREDO** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de **CULLEREDO** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de **CULLEREDO** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde a data de adxudicación das obras 9 de marzo de 2009 e conservará a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2013.

2.Logo da solicitude da Concello de **CULLEREDO**, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Concello de **CULLEREDO**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CULLEREDO

Diego Calvo Pouso

Julio Sacristán de Diego”

21.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE CESAR, VERDÍA, A BARCIELA E SAN CAETANO” DO CONCELLO DE SANTIAGO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2103. CÓDIGO: 13.2100.0150.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Mellora e acondicionamento de vias nas parroquias de César, Berdía, A Barciela e San Caetano” do Concello de Santiago, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, código: 13.2100.0150.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade e obxecto da obra, si implica un cambio de trazado, na mesma parroquia, con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>FINANCIAMENTO</u>		
			<u>Deputación</u> <u>F.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
13.2100.0150.0	Santiago	Mell. e acond. César, Berdía, A Barciela e S Caetano”	47.223,90	2.795,20	50.019,10

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CASA DE GALICIA (URUGUAI) PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA OS SEUS CENTROS SANITARIOS EN MONTEVIDEO.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Manifestamos no anterior Pleno que non nos parece un método axeitado proceder a asinar convenios aleatorios e moitas veces arbitrarios e sen ningún tipo de convocatoria, con diferentes concellos, con diferentes entidades, etc., isto non obvia que estamos aprobando convenios neste Pleno porque consideramos que todos eles son convenios, evidentemente, necesarios e interesantes para a provincia da Coruña. Hai pouco tempo rexeitamos, por exemplo, un punto na orde do día que era un convenio cunha entidade, da Galicia exterior, se non recordo mal de Suíza, porque nese caso o que se traía aquí era un convenio cun equipo de fútbol aínda que se nos argumentaba que había outras actividades desa mesma entidade que eran máis de tipo social, etc., etc., e nese caso rexeitamos ese convenio. Neste caso imos manifestar claramente o noso apoio a este punto porque entendemos que, efectivamente, a Deputación debe seguir colaborando coas entidades da Galicia exterior sobre todo en actividade que é realmente necesaria, que é realmente de carácter social como é neste caso a dotación de alimentos e de material sanitario neste centro de Montevideo. Polo tanto, manifestar que o BNG neste caso si vai apoiar este convenio porque entende que é un convenio diametralmente diferente a outros que se teñen presentado neste mesmo Pleno.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CASA DE GALICIA (Uruguai) PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA OS SEUS CENTROS SANITARIOS EN MONTEVIDEO

Na cidade de, de do 2013

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Ramos Pérez, que intervén neste acto en nome e representación da *Casa de Galicia*, cuxo domicilio social está en Colonia, 1474, Montevideo (Uruguai), actuando na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Casa de Galicia* (en diante a beneficiaria) é unha asociación civil sen fins de lucro, fundada en 1917, ao amparo da lexislación da República do Uruguai, que ten como finalidade outorgar servizos de asistencia médica colectiva, que conta cun local central, un sanatorio e catro policlínicas situadas na cidade de Montevideo.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a

divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Casa de Galicia*, para o cofinanciamento da adquisición do equipamento sanitario consistente nun “Equipo de RX convencional con mesa e un equipo portátil non motorizado”, con destino aos seus centros sanitarios en Montevideo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA CTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O orzamento de gastos ascende a un importe equivalente a 75.000,00 €:

	CONCEPTO	IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENT O	Equipo de RX convencional con mesa e un equipo portátil non motorizado	75.000,00 €	25.000,00 €	33,3 3

III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña comprométese a colaborar no cofinanciamento da citada adquisición cunha achega máxima de 25.000,00 € (VINTE E CINCO MIL EUROS), o que equivale a un coeficiente de financiamento do 33,33 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,33 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/781, do orzamento xeral para 2013, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente por importe de 25.000,00 €, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición **supera os 18.000 euros**, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta do euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios

contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As adquisicións do equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes da finalización do período de vixencia do convenio, establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI, no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio previsto na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.01.2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2014.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 1.05.2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustifico do importe correctamente xustifico. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2014. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E JURISDICCIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xuridan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número de data do dous mil trece.

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA CASA DE
GALICIA

DIEGO CALVO POUZO

MANUEL RAMOS PÉREZ”

2ª. Aprobar como achega provincial ao convenio a cantidade de 25.000,00 €

3º. Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

23.-APROBACIÓN DA INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMO PATRÓN NA FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aceptar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como patrón, na Fundación Galicia-Europa, atendendo ao interese xeral que concorre nos obxectivos e finalidade desta.

2. Aprobar os estatutos polos que se rexe a Fundación Galicia Europa e que figuran incorporados ao expediente.

3. Designar como representante da Deputación no padroado da fundación, por delegación do presidente da Deputación, ao deputado provincial, Manuel Taboada Vigo.

4. Facultar á Presidencia da Deputación para a designación do representante provincial no grupo de traballo da Fundación”.

24.-APROBACIÓN DO INFORME DO CUMPRIMENTO POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO ARTIGO 4 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTES A: 2º TRIMESTRE DO ANO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe correspondente ao 2º trimestre do ano 2013, rendido telematicamente en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

25.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA AO 31/07/2013 E PROXECCIÓN AO 31/12/2013

INTERVENCÍONS

Sr. Ruiz Rivas

Bos días a todos, Sr. presidente, Sres. deputados, dar a benvida aos novos deputados provinciais. Nos parecía importante que neste punto, que é sobre a execución orzamentaria ao 31 de xullo deste ano, e a súa proxección a final de ano, facer uns comentarios sobre o que foi o presuposto inicialmente aprobado, que se presentou tanto formal como materialmente equilibrado, cuns ingresos e gastos de 156.690.000, no que creo que é importante apuntar que non se apelaba á débeda financeira, e que se reducía o endebedamento en máis de dezaseis millóns de euros, dos cales 10,6 correspondían á amortización do propio exercicio, e case seis, en concreto 5,6 millóns, corresponderon á amortización anticipada. Podemos dicir que o volume de débeda viva sería de 41 millóns a 31 de decembro, o que representa sobre os recursos liquidados un vinte e cinco por cento, o cal, como dicía, creo que é importante dicir nun momento en que estar nesta situación financeira e de débeda pois é realmente difícil para calquera outra administración que non sexa esta Deputación provincial. Polo tanto, cando se aprobou cumpría con todos os requisitos da normativa de estabilidade presupostaria, de sostibilidade, e creo que era un compromiso coa boa xestión.

Como consideracións finais, dicir que a Deputación cumpre cos obxectivos contidos na Lei de morosidade, que a Tesourería provincial en xuño ten uns fondos líquidos preto aos cen millón de euros, en concreto 95, e que podemos dicir que os ingresos e gastos a estas alturas do ano se seguen cumprindo, tanto a estabilidade presupostaria como a regra de gasto.

Indicar tamén que no orzamento se consignou máis de tres millóns de euros destinados á constitución de fondo de continxencia, e que a evolución de previsións de ingresos conteñen elementos positivos e confirman a ampliación do prazo de devolución das liquidacións negativas do PIE, tanto dos exercicios 2008-2009. Polo

tanto, como viñamos dicindo en máis dunha ocasión e neste caso co que é a evolución presupostaria eu creo que nestes momentos a Deputación provincial pode presumir de ter unha fortaleza financeira que para si quixeran outras administracións, e que vai dar posibilidade de seguir traballando en boas condicións para todos os concellos e cidadáns desta provincia. Nada máis, Sr. Presidente.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria ao 31/07/2013 e proxección ao 31/12/2013.”

26.-APROBACIÓN SOBRE A APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 8/2013, DE MEDIDAS URXENTES CONTRA A MOROSIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DE APOIO A ENTIDADES LOCAIS CON PROBLEMAS FINANCEIROS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO. Tomar coñecemento de que na Deputación provincial e no Consorcio para extinción de Incendios e Salvamento non se expediu certificación positiva de obrigacións pendentes de pago a provedores contemplado no Real Decreto-Lei 8/2013 do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio ás entidades locais con problemas financeiros.

SEGUNDO: Considerar que non procede a tramitación do Plan de axuste contemplado nas normas que regulan o mecanismo de pago a provedores, que se desenvolve a través do Real decreto-lei 8/2013, do 28 de xuño”.

27.-APROBACIÓN DA CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADATORIA DO EJERCICIO 2012

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a Conta Integrada relativa á Xestión Recadatoria dos recursos doutros Entes Públicos e Recursos Propios correspondentes ao exercicio 2012.”

28.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Oza-Cesuras en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Seixas Naia

Bo día ás señoras deputadas e aos señores deputados, porque existimos as señoras deputadas, como existen as cidadás da provincia da Coruña, Sr. Ruiz Rivas, non só os cidadáns e os deputados. Quero facer dous rogos que máis ben son dúas propostas para que as teñan en conta en futuros plans que poida haber na Deputación ao respecto de vías provinciais, ou se se ten a ben tamén nos orzamentos ou algún modificado de crédito. É ao respecto dunha estrada no Concello de Bergondo, a estrada provincial DP 0811, trasladánnos alí os veciños e as veciñas da zona que é unha estrada bastante perigosa, moi estreita, e que ten moito tráfico, tanto de vehículos lixeiros como de vehículos pesados porque, afortunadamente, puxéronse en funcionamento alí hai pouco tempo unhas naves industriais que estaban en abandono, e é certo que é unha zona bastante poboada e non hai ningún tipo de medida para a seguridade viaria. Gustaríanos que se trasladase ao servizos técnicos para ver que medidas se poderían levar adiante, que creo que podería facerse de xeito sinxelo e non demasiado custoso.

E outra estrada que tamén nos gustaría que os servizos técnicos puidesen mirar de cara tamén a darlle seguridade viaria tanto aos peóns como aos propios ciclistas e tamén dende logo ao tráfico, por suposto, e a estrada que vai dende o Concello de Arteixo ao Concello da Laracha, concretamente á parroquia de Caión, nalgún tramo non ten absolutamente ningún tipo de sobreancho, e é unha estrada con bastante tránsito, como digo, tanto de ciclistas, como de peóns, sobre todo nesta época do ano, como de vehículos. Gustaríanos tamén que se lle botase un ollo e se puidese facer algún tipo de actuación. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Dúas preguntas, Sr. Presidente. A primeira ten relación co remanente de tesourería dispoñible que temos na Deputación, que está en torno, non teño os datos, pero en torno aos 34, 35, 36 millóns de euros, dos cales 23 millóns proceden de superávits de operacións non financeiras e están indispoñibles pola Lei de estabilidade presupostaria, polo artigo 32, paréceme, da Lei de estabilidade presupostaria, e hai un compromiso establecidos na Lei de presupostos deste ano, do Estado, de modificar esa lei, e hai ademais 13,14 millóns de euros, que si son dispoñibles. Gustaríame saber cal é a opinión do Goberno provincial sobre que se pode facer con este diñeiro, porque de todos é coñecido que os concellos estano pasando moi mal dende o punto de vista económico-financeiro, que teñen unha serie de gastos que lles resultan moi difíciles de atender, e ao Grupo Socialista gustaríalle

que se utilizase, na medida do posible, este remanente para facer un plan destinado aos 93 concellos da provincia que hai agora, un plan que fose destinado a gasto corrente e investimento, que fose cada concello o que decidise como quería gastar iso.

E en relación coa opinión expresada polo voceiro do Grupo Nacionalista no anterior Pleno e agora con respecto das subvencións nominativas, dicir que o Grupo Socialista está de acordo con el, xa o expresamos nun anterior Pleno, todos aprobamos e fixemos subvencións nominativas, e non pasa nada, pero nos momentos de dificultade que estamos vivindo, cos concellos nas situacións económicas que están vivindo, creo que sería máis oportuno, e é unha opinión do Grupo, que creo que é compartida polo Grupo nacionalista, destinar este diñeiro integramente a un Plan, e se hai algunha subvención que hai que facer, porque hai compromisos de Goberno que se adquiren e é necesario facelo, temos que recoñecer tamén desde a oposición que se fagan, pero que se destine a maior parte deste remanente de tesourería a facer un plan para todos os concellos da provincia e que poidan decidir os concellos se destinan eses recursos a financiar gasto corrente ou a financiar novos investimentos. Esta é a primeira pregunta, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

O peso das subvencións nominativas no orzamento da Corporación e do Goberno que actualmente dirixe esta Corporación, é inferior, moi inferior, ao peso que as subvencións nominativas tiñan nos exercicios anteriores gobernadas por outras corporacións, é moi inferior porcentualmente, non só en termos absolutos, senón porcentualmente. E segundo, o peso do orzamento dedicado aos concellos a través de plans, de aplicación loxicamente para todos os concellos, tamén é superior ao que se dedicaba noutras corporacións, o peso relativo, non en termos absolutos. Isto é moi importante. Isto é fundamental, non moi importante, por que?, porque quere dicir que a esta Corporación tocoulle vivir momentos complicados e tivo que reducir o orzamento bastante. Houbo un ano onde se fixo un axuste dun vinte e tres por cento, e nese ano onde se fixo un axuste do vinte e tres por cento, porcentualmente, os recursos dedicados aos concellos da provincia foi o maior, porcentualmente, que quere dicir?, imos seguir afondando, que cantos menos cartos había, máis se dedicaron aos concellos, porcentualmente. Non se dedicou a facer na mesma porcentaxe anterior subvencións nominativas, senón que nos momentos máis complicados esta Deputación mantivo un Plan de obras e servizos, cando o Goberno do Estado considerou que non tiña que poñer a súa achega, esta Deputación supliu a achega que facía o Goberno do Estado e, polo tanto, dedicamos máis aos concellos, e cando máis, e aumentamos a posibilidade de que os concellos puideran dedicar máis a gasto corrente nese Plan de obras e servizos, porque era unha necesidade que moitos concellos da provincia tiñan, e que ademais, escoitando de novo os alcaldes da provincia, dinnos que non tiñan recursos, nin sequera para poñer o 5% do Plan de obras e servizos, e esta Deputación cambiou as bases para que os concellos non tiveran que poñer nin sequera ese 5%, non estivesen obrigados, porque a Deputación poñía o cen por cen.

Tan pronto como tivemos oportunidade, esta Corporación, por iniciativa do goberno, trouxo ao Pleno un plan, un plan que foi o DTC94, dotado con nada máis e nada menos que outros 24 millóns de euros, que procedían dos remanentes, é dicir, tan pronto como tivemos posibilidades de facer un plan non dubidamos nin un

momento en facer un novo plan para todos os concellos da provincia, e creo que ademais que facilitándolle moito as cousas ás corporacións, aos alcaldes, en definitiva aos gobernos de todos os concellos, por que?, porque lles permitimos no peor momento, xa o fixeramos co POS, pero no peor momento, que tamén puidesen dedicar a gasto corrente unha parte moi significativa e pasar eses momentos complicados, é dicir, no ano 13, no peor ano dos concellos, 48 millóns de euros foron postos a disposición dos concellos da provincia da Coruña.

É verdade que o esforzo podería ser maior, probablemente, non moito maior porque non había marxe, pero un pouco maior, se cabe si, pero dende logo moi pouca marxe de mellora no que se refire á dotación económica. Neste ano 2014, o POS de novo volveu contar con 24 millóns de euros, e efectivamente, temos un remanente que como vostede dixo, unha parte importante está afectada por unha lei, están indispoñibles e o que o compromiso deste goberno é, primeiro agardar ata o final, ata o 31 de decembro, para non ter que amortizar débeda e despois se cambie a lei, creo que iso estano a facer todos os concellos, ou aqueles concellos que teñen un remanente positivo de tesourería e operacións non financeiras, e tamén a Deputación, e o que estamos é a espera, á espera de que o Goberno cumpra con iso que nos avanzou hai uns meses por carta a todas as corporacións locais, e poidamos dedicar eses cartos a facer un novo plan. Deses cartos, loxicamente, estamos facendo previsións pero van ir destinados a facer un novo plan para todos os concellos da provincia, veremos que porcentaxes, ou se en vez dun plan facemos dous, porque hai algunhas necesidades da provincia que durante estes anos fíxose o mantemento, pero non o investimento, pero dende logo van ir dedicados a maior parte, a través dun novo plan, cara a todos os concellos. Pero quero que quede claro que dedicamos máis que nunca aos concellos, e dedicamos menos que nunca ás subvencións nominativas. É certo que o que mire a orde do día, pódelle dar a sensación de que hai moitas, é certo, pero tamén é certo que o importe de todas elas é bastante máis reducido que noutras épocas, primeiro porque non hai os mesmos recursos, é evidente, pero o peso desas subvencións, que iso é o que marca a intencionalidade do goberno, sobre o total orzamentario tamén é máis reducido.

Polo tanto, en contestación, e feitas estas aclaracións ao que vostede preguntaba, estamos á espera de poder dedicar eses fondos a facer un plan, o plan intentaremos deseñalo e levalo á comisión correspondente, incluso se podemos aprobalo condicionado a que o goberno cambie finalmente esa lei que nos anunciou, e nos permita utilizalo, para que? para que os concellos, en caso de aprobar a lei, xa teñamos aprobadas as bases, xa saiban todos os alcaldes a que nos temos que ater, e vaíamos preparando os proxectos que crean conveniente para poder levalos a cabo, espero terlle dado contestación a esa pregunta.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, pola resposta, alégrome que decida destinar a maior parte do superávit a un plan para os concellos, e quérolle dicir, ao fío da súa resposta, que non está facendo a Deputación nada que non se fixera antes, que o que se está facendo é pola fortaleza financeira que ten a Deputación, e que as subvencións que se aprobaron, non sei se a porcentaxe era igual, menor, non o sei, pero en calquera caso, todas as subvencións que se aprobaron, aprobáronse por consenso de todos os grupos políticos.

A segunda pregunta ten relación co que debatemos anteriormente, non me deixou falar. A diferenza entre un acto discrecional e un acto arbitrario é que os actos discrecionais teñen que acreditar o seu interese público e teñen que estar debidamente motivados. Como nós entendemos que non se acredita interese público, nin están suficiente motivados, a pregunta que lle fago ao presidente é moi sinxela, vostede entende que o acordo cos sindicatos elude a esixencia legal de motivar e acreditar o interese público dos actos discrecionais?

Sr. Presidente

Realmente quere que conteste?, que me está preguntando?, se é necesario cumprir a lei?, pois claro que si, claro que si, Sr. Moreda, para todos, para vostede, para min, para esta Corporación, para as anteriores e para as futuras, parece mentira que faga esa pregunta. E non facemos nada diferente, o que facemos é mellorar o que nos atopamos, que é a nosa responsabilidade, e créame que a mellora é a situación dos concellos, e aquí hai moitos representantes de distintos partidos, é bastante mellor na provincia da Coruña que noutras provincias, en calquera delas.

Fíxese vostede, o Sr. Besteiro o outro día escoitaba nun programa dicir que repartía moitos cartos entre todos os concellos, o POS da Deputación de Lugo non chega aos dez millóns, os millóns de euros que repartiron a través de plans obxectivos non chegaron nin sequera a sete millóns, na provincia da Coruña, corenta e oito, fíxese vostede se os alcaldes da provincia da Coruña están ben atendidos.

Sr. Longo Queijo

É un rogo e máis unha pregunta ao mesmo tempo, acerca dunha obra que se está executando nunha vía provincial, concretamente entre Ares e Chanteiro, na DP 0402, unha obra que está causando unha gran preocupación e, nalgúns casos, incluso certo malestar entre a veciñanza. Recordamos que no Pleno de xuño de 2012 este Grupo provincial manifestaba a súa preocupación pola situación na que se atopaba esa estrada e instaba tamén ao Grupo de Goberno á execución daquel proxecto técnico aprobado en 2009, sobre ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria nesa estrada provincial, un proxecto que alcanzaba unha cantidade de 1.800.000 euros. Lembrar que esta estrada ten unha sección estreita, ata menos de cinco metros nalgúns zonas, veñen existindo zonas con gran densidade de vivendas, no que o tránsito peonil é intenso, moi perigoso por carecer de beirarrúas, e ten unha calzada estreita con gran intensidade de tráfico e interseccións mal acondicionadas e perigosas. A maiores disto, nos últimos anos o tráfico experimentou un significativo crecemento, sobre todo en época estival, polo que se facía bastante urxente a mellora das características presentadas naquel proxecto aprobado no ano 2009.

Na sesión plenaria do pasado mes de decembro aprobouse a execución do proxecto "Reparación e reforzo da estrada DP 0402", por pouco máis de 355.000 euros, un proxecto de simple reparación do firme existente, ao que este Grupo manifestou o seu voto afirmativo debido a que esa estrada estaba nun pésimo estado de conservación, sobre todo despois da realización dunha serie de obras de gran calado na zona, aquelas obras que se fixeron de saneamento e demais, pero matizando naquel Pleno tamén que sería urxente a necesidade de ir contemplando nos sucesivos orzamentos a execución do proxecto orixinal, que contemplaba aquelas

actuacións de maior calado, como eran a construción de beirarrúas máis o ensanchamento do vial. No momento actual estase executando este proxecto e a realidade é que a mellora do firme vai implicar un aumento da perigosidade e de mingua na seguridade viaria dos vehículos e viandantes, debido á confluencia de características de maior velocidade, provocada polo arranxo do firme, e o peor estado no que vai quedar no referente ás súas beirarrúas. Hai zonas onde apenas queda paso para os viandantes, hai zonas onde a estrada experimentou un regreso tan grande e quedou tan limitado o paso dos viandantes que realmente vai ser máis perigosa do que era anteriormente.

Ademais a execución técnica dunha nova capa de rodadura de maior espesor está provocando moitos problemas nas entradas ás propiedades dos veciños, así como nas confluencias e transicións con estradas de titularidade municipal, e xa os comentados problemas de compatibilidade entre vehículos e peóns.

Por todo o anterior, o rogo vai no sentido de que se dea unha solución técnica a todos os problemas que se están formulando na execución desta obra, que garanta a seguridade de peóns e vehículos, así como asegurar unha correcta transición no acceso ás vivendas e confluencia das estradas municipais.

E a pregunta, tamén un pouco a expensas do que se comentaba antes aquí, da fortaleza financeira da Deputación, comentábase que incluso hai cen millóns de euros en fondos líquidos nesta casa, a pregunta é se realmente o Grupo de goberno ten previsto consignar as partidas orzamentarias necesarias para executar aquel proxecto orixinal de ampliación e mellora do trazado que se aprobara no 2009, que realmente é o que está demandando toda a poboación daquela zona e que realmente é o proxecto que demanda a situación porque tal como está a quedar realmente está a quedar nunha situación incluso peor que na situación actual, o firme si que queda mellor pero a cuestión de que vai provocar maior velocidade nos coches e tamén unha menor seguridade de cara aos peóns, esa confluencia de características implica que leve unha maior perigosidade.

Sr. Presidente

A verdade é que escoitándoo, se o chegamos a saber, non o faciamos, porque se facer unha obra e mellora do firme é máis perigoso para os peóns e causa problemas a todos os veciños, foi unha pena que os nosos técnicos non o detectasen porque, desde logo, dedicábase ese orzamento a outras cousas. Tamén supoño que os servizos técnicos e os encargados de zona, loxicamente, están a disposición de intentar solucionar, é evidente que moitas veces se pode ocasionar algún problema nalgunha vivenda, pero eu supoño que non haberá ningún problema para intentar atopar un arranxo, e que non necesitarán, en todo caso, da intervención do presidente da Deputación, se fose necesario, que conten con ela tamén, pero confío plenamente nos técnicos e na empresa para darlle solución a todos os problemas que son derivados da propia execución.

E en canto á dotación orzamentaria, nós estamos traballando, a primeira actuación loxicamente era restaurar o estado desta estrada porque entendiamos, e ademais falando co concello, que a situación era mala fundamentalmente debido ás obras da depuradora da marxe sur da ría de Ferrol, e que en consecuencia deberíamos de actuar porque o paso durante meses de vehículos pesados deteriorou

o firme nunha situación moi complicada. Naquel momento non podíamos facer fronte ao proxecto que no seu día foi aprobado, e o primeiro que hai que facer é restaurar o estado do firme, porque senón non podían nin circular os coches, entón é normal que non houbera perigo porque como non circulaban, non podía haber perigo. Espero que tan pronto como poidamos, en colaboración co concello poidamos darlle unha saída á situación desa estrada, e repito que poñemos á súa disposición ou de todo o concello e dos veciños, os servizos técnicos para que poidan solucionar os problemas que poden xurdir na súa execución.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día, Sr. Presidente. Nestes días está chegando aos concellos as liñas que van seguir o Plan de emprego a Deputación e a Xunta. Por un lado dicir que estamos satisfeitos, estamos contentos de que se teña en conta a voz dos concellos para o que é a selección do persoal, aínda que tamén hai que dicir que lamentamos que este persoal baixe notablemente de catro a dúas persoas. A miña pregunta é a seguinte, dicir se estas persoas que se van incorporar aos concellos van estar despois baixo a tutela ou, digamos, baixo a supervisión dos capataces dos concellos, ou van seguir baixo esas supervisión deses capataces, deses encargados que estaban o ano pasado e que, se non me equivoco, supoñía, ben pois un capataz para unha media de catro ou cinco concellos dependendo un pouco da zona. Moitas grazas.

Sr. Presidente

A verdade é que teño que facer a consulta porque non lle podo responder, porque non o sei, sei que vai haber de novo capataces que levarán na medida do posible, supoño, ou máis ou menos, as zonas que levaban antes, e que eles, home, se hai capataces terán bastante que dicir, outra cousa é que o concello lles subministre aos capataces correspondentes as necesidades, unha listaxe de necesidades ou algo que teñan para poder acometelas, pero prefiro contestarlle con maior coñecemento de causa, e rogo que lle fagan pasar dende a Comisión correspondente a resposta ao Sr. Leira.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.